LETRAS GALEGAS 2010

UXIO NOVONEYRA

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil

INTRODUCIÓN

O Día das Letras Galegas celébrase o 17 de maio xa que é a data na que se publica o *Cantares Galegos* que inclúe unha dedicatoria a Fernán Caballero.

Galicia enteira celebrou no 1963 o Día das Letras Galegas por vez primeira, un 17 de maio que quedaría xa como a xeira de exaltación e esparexemento das letras autóctonas.

Todas aquelas persoas homenaxeadas no Día das Letras Galegas dende a súa fundación alá polo ano 1963 son:

1963 Rosalía de Castro
1964 Castelao
1965 Eduardo Pondal
1966 Francisco Vázquez Añón
1967 Manuel Curros Enríquez
1968 Florentino López Cuevillas
1969 Antonio Noriega Varela
1970 Marcial Valladares
1971 Gonzalo López Abente
1972 Valentín Lamas Carvajal
1973 Manuel Lago González
1974 Xoán Vicente Viqueira
1975 Xoán Manuel Pintos Villar
1976 Ramón Cabanillas
1977 Antón Villar Ponte
1978 Antonio López Ferreiro
1979 Manuel Antonio Pérez Sánchez
1980 Afonso X *O Sabio*
1981 Vicente Martínez Risco
1982 Amado Carballo
1983 Manuel Leiras Pulpeiro
1984 Armando Cotarelo Valledor
1985 Atonio Losada Diéguez
1986 Aquilino Iglesia Alvariño
1987 Francisca Herrera Garrido
1988 Ramón Otero Pedrayo
1989 Celso Emilio Ferreiro Miguez
1990 Luis Pimentel
1991 Álvaro Cunqueiro
1992 Bouza Brey
1993 Eduardo Blanco Torres
1994 Luís Seoane
1995 Rafael Dieste
1996 Xesús Ferro Couselo
1997 Ánxel Fole
1998 Martín Codax-Mendiño-Xoán de Cangas
1999 Roberto Blanco Torres
2000 Manuel Murguía
2001 Eladio Rodríguez González
2002 Padre Sarmiento
2003 Antón Avilés de Taramancos
2004 Xaquín Lorenzo, *Xocas*
2005 Jesús M. Lorenzo Varela Vázquez
2006 Manuel Lugrís Freire
2007 María Mariño Carou
2008 Xosé M.ª Álvarez Blázquez
2009 Ramón Piñeiro López
2010 Uxío Novoneyra

I N D I C E

	Páxina
LIMIAR	4 – 5
1.- O COUREL	5 – 6
2.- O HOME	6 -11
3.- O GALEGO DE NOVONEYRA	11-12
4.- O POETA	12-18
5.- CATALOGO DA OBRA	18-22
6.- OS EIDOS	22-31
7.- UN NOVONEYRA POLITICO	31-43
8.- O DICIDOR	43-45
9.- O ELEXIACO EN NOVONEYRA	45-48
10.- O TRATAMENTO DO AMOR	48-50
11.- O ARRODEO ULTIMO	50-56
12.- O TEMPO INSTITUCIONAL	56-59
13.- CONCLUSION	59-64
14.- FONTES DOCUMENTAIS	64-66

LIMIAR

É un poeta o autor a quen vai adicado iste ano o Día das Letras Galegas, un grande poeta galego. A poesía é un tipo de produción literaria moi singular, de interpretación que non é sempre doada para os seus lectores, xa que esixe para quen a lea con interese verdadeiro unha certa posta en escea, unha tentativa consciente para achegarse da mellor maneira posible á mensaxe ou a vivencia que o seu autor quere transmitir. Ista premisa é esencial para ler a obra de Uxío Novoneyra, o autor que resultou merecente do agasallo no ano en que andamos. A súa é unha poesía fonda. Mergullarse –ou polo menos intentalo- na densa ramaxe, nas fonduras espirituais que movían a un creador tan persoal require unha forte dose de complicidade. Pero dun xeito paradóxico, esa que poidera parecer dificultade para interpretala é a que fai a súa poesía máis interesante porque evidencia, entre outras cousas, que o seu autor traballaba arreo correxindo estrofas para melloralas ata pendurar o produto final. Nese proceso de tenacidade en procura da perfección e onde hai que ver o máis grande mérito dun creador, sexa como cultivador da poesía ou de calquera outro xénero literario. Novoneyra acobillaba en proporcions extraordinarias esa vontade perfeccionista, era un corrector compulsivo. É importante telo en conta no momento de leelo. Cómpre lembrar todo isto por si a altura da súa poesía non abondase como motivo no que basear a elección da súa persoa e obra como merecentes da homenaxe.

Xa de partida, parécenos importante suliñar algo cara a quen por vez primeira entre en contacto co personaxe. Tratamos, simplesmente, de desbotar esa tradición reduccionista tan extendida de querer limitar o estudo ou a análise dun creador aos termos estrictos que marca aquela obra ou aquel feito que lle deu sona. Novoneyra escribiu máis que unha obra e tocou máis temas que un só, ainda que esa obra e mesmo a temática que nela aparece foran definitorias. Tamén convén recordar dentro desa mesma liña desmitificadora, que estamos diante dun personaxe poliédrico, porque atopou na poesía ademáis da súa arte principal, e por medio dela, un vieiro expansivo deica outras actividades. Foi pintor, gravador, recitador, crítico de arte, e algunha cousa máis.

Dende O Centro Coordinador de Xuventude non queremos sustraernos á tradición xa establecida despois de moitos anos para contribuir ás celebracions de data tan

agarimosa como a do Día das Letras Galegas ofrecendo iste traballo para cumprir, dende a humildade e a sinxeleza pero tamén dende o mellor voluntarismo, co tributo merecido que debemos á memoria de galegos e galegas esgrevios que foron cultivadores e practicantes das máis nobres vocacions espirituais, as que enriquecen culturalmente a un pobo e fan viva e inmorrente a unha lingua por medio da palabra escrita.

1.- O COUREL

Parécenos que resultaría intención estéril falar da persoa e da obra de Novoneyra sen achegarmos unha semblanza, por moi curta que resulte, do espazo físico no que o poeta atopou a forza espiritual, a súa veta creativa, no que podería parecer como unha sorte de comunión entre home e natureza, entre o espazo e o soño, entre a materia forestal por exemplo e os fumeiros da imaxinación. O Courel for para el o nume fornecedor de creatividade, mais por riba de todo, o alento, o que lle daba ínfulas creadoras. A meirande parte da súa vida pasouna alí. Cando chegue o seu momento, neste traballo veremos como o poeta manifestaba o pesar pola lonxanía e mesmo o anceio ao retorno da terra nutrente.

A Comarca do Courel ten como sinal distintivo a Serra no mesmo nome, que acada unha extensión total de 21.020 hectáreas. Está no Sudleste da provincia de Lugo, e abrangue aos concellos de Folgoso, Pedradita do Cebreiro e Quiroga. O punto máis alto é Formigueiros con 1.643 metros, seguido do Pico de Pía Paxaro, cunha altura de 1.610, e a Escita con 1.455. No municipio de Quiroga atópase o pregamento xeolóxico de Campodoa-Leixazós, ao que se atribúe unha antigüidade de máis de 300 millons de anos. Os minerais máis abundantes son a pizarra, convertida polo proceso de industrialización en fonte de sustento para xentes da zona e mesmo tema de controversia polas deturpacions dos terreos que denuncian os colectivos ecoloxistas, e o cal. Atópanse tamén cuarcitas, zinc, chumbo, e o mineral de ferro, a pirita, sen que esquezamos a lenda histórica que atribúe a existencia naquela zona e na Antigüidade de xacementos de ouro, que foran explotados e mesmo esquilmados polos romanos.

Pero non é esa tan grande riqueza arqueolóxica a única salientable. A Comarca alberga outras non menos importantes, como son a vexetal e mesmo a faunística. O feito de que en O Courel conflúan dúas tendencias climatolóxicas tan distantes como a atlántica e a mediterránea deriva na existencia dunda grande acumulación vexetal albergando moitas especies, xéneros e familias de flora e vexetación. Por estudos de especialistas, pódese establecer o cálculo de que están alí representadas o 40% das especies forestais de Galicia. Nas devesas e nos soutos, en particular na que é coñecida como a Devesa da Rogueira, agroman e se mesturan vidueiros, uces, carballos, aciñeiras, castiros, sobreiras, entre outras especies arborícolas. No outono, cando por mor do descenso da luz e da temperatura as follas das prantas deixan de producir a clorofila, a cor verde vaise trocando en vermella, marela, etc, presentado unha grande vistosidade. Rios e regatos percorren aquelas latitudes e forman vales como o chamado do Río Pequeno, dando orixe a reservas naturais.

Unha acumulación tan abondosa de beleza chega a producir no visitante de O Courel sensacions de plenitude coa contorna, de fonda proximidade coa Nai Natureza, de aillamento das fragosidades do cotián. Pensemos que se esas poden ser as impresións que perciben os foráneos, cando é un o nacido no país e ademáis agocha alma e maneiras de poeta e esas sensacions tan fermosas as percibe a cotío, poderemos entender mellor o caso de Novoneyra (mesmo o de María Mariño, ainda que con algunhas diferenzas) como ateigados e desexosos de botar para fóra aquel caudal de fermosura experimentándoa e transmitíndonola da forma que lles era máis propicia, en tanto que eran seres dotados e favorecidos pola Fortuna co xenio poético.

Uxío era un home que sentía os ardores da chama poética pero que tamén vivía a realidade do mundo. A relación coas xentes da casa, cos veciños, coa vida cotiá, nos tempos nos que transcorrerán as súas diferentes estadías alí deixarán tamén unha forte pegada na súa creación poética. Era un home ateigado a todo o que O Courel siñificaba para el e ao que lle transmitía.

2. O HOME

Uxío Novoneyra neceu o 19 de xaneiro do ano 1930 en Parada de Moreda, na serra de O Courel. El foi o máis novo de tres irmans. Era a súa unha familia de labregos

acomodados, de casa grande, que era coñecida co nome de Casa da Fonte. Cando tiña seis anos estalou a Guerra Civil e ainda que os rigores da contenda non se deixaron sentir de forma moi notoria na comarca, algunhas circunstancias na contorna familiar deixarán fonda pegada no poeta. Na súa familia estaba moi arriagado o sentimento republicán. Durante tres longos anos, un tío seu e padriño, que fora alcalde de O Courel polo Frente Popular, houbo de vivir agochado na casa familiar, nun cocho que estaba precisamente debaixo do seu cuarto. Polo tanto o neno era coñecedor e sentía o que estaba a acontecer. Algún outro feito aillado pero moi siñificativo que lle ocorreu naquela época, e ao que se fará referencia noutro momento deste traballo, acrecentarán nel a que se convertirá na clave do seu compromiso político e social, que volcará nunha parte da súa creación poética, aquela que ten por obxecto as expresión dos devezos e anceios por unha liberdade que aparecía como moi lonxana nunha Galica esmagada.

Naturalmente, nunha mente aberta como é a dun neno, mestúranse sensacions de todas as cores. E así aparecen ao carón daquelas máis fondas outras máis pracenteiras como o poeta nos recorda en algunhas pasaxes que aparecen na obra titulada *Os soños teimosos,* aparecida en 1998 baixo a forma dunha conversa que o poeta mantén con Emilio Araúxo, á que recurriremos frecuentemente neste traballo porque ten toda a forza dun testamento vital dictado polo propio Novoneyra. Pois bien, ao respeito daqueles anos da Guerra Civil, cóntanos que nas xentes que o arrodeaban había como unha vontade de equilibrio existencial que atopaban na música e nos bailes dos domingos, e polo tanto que él se integraba neses sentimentos de distracción.

Con quince anos trasládase a Lugo para estudar o bacharelato, que rematará en 1948. Nesa época coñece a Manuel María, co que manterá unha longa amizade, e por medio do cal sabemos que xa naquela época Novoneyra se iniciara nos vieiros poéticos en lingua castelá, e que tiña como referente modélico a Bécquer.

No ano 1949 vaise para Madrid onde fai o Exame de Estado e matrículase como ouvinte na carreira de Filosofía e Letras. Inserido no ambiente universitario, experimenta as preocupacions políticas da época que se viven tan de cerca precisamente naqueles ámbitos. Terá a percepción do que por aqueles tempos acontecía nas rúas, notará as carencias materiais da xente e dos rigores represivos do

réxime feixista. Pero tamén este tempo ten moita importancia na formación cultural do poeta, que se centra en lecturas poéticas, tanto de sesgo vangardista como de poesía oriental, china ou hindú, e tamén na poesía negra. Froito da súa integración naqueles ambientes e inquedanzas serán alguns poemas que escribe en castelán e que aparecerían publicados na revista universitaria *Bengala.* Tamén son desta época os seus primeiros recitais poéticos, no que co tempo se convertirá nunha faceta complementaria moi importante da súa andaina poética.

Ten que deixar Madrid e volver á terra para facer o servizo militar, que desenvolverase entre Santiago, A Coruña e Lugo. Volve a atoparse con Manuel Maria, ambos os dous compartirán unha sorte de status militar bastante cómodo, facendo labores de escolantes dos soldados analfabetos, e conseguindo unha grande facilidade para moverse que era moi diferente da habitual no mundo da milicia, e que aproveitarán durante aquela etapa santiaguesa para integrarse nalgúns dos cenáculos culturais do momento. O encontro con figuras das artes plásticas como Maside ou xentes nomeadas da literatura ou a política como Otero Pedrayo ou Piñeiro producirán efectos moi concretos que para o caso de Novoneyra suporán o despegue dunha concienciación interesada polo nacionalismo galeguista. Conta Manuel Maria que os dous lle deben singularmente a Maside a súa formación política e galeguista que aprendían escoitándolle naquelas conversas de café. A Piñeiro deberanlle Uxío o coñecemento da obra literaria que algúns galegos estaban facendo no exilio americano, como por exemplo a de Seoane. O efecto máis inmediato destas influenzas en Novoneyra será o abandono definitivo da lingua castelá que viña utilizando na súa poesía e a súa substitución para sempre pola galega. Recorda tamén Manuel Maria que durante os primeiros tempos do servizo e na permanencia no campamento militar de Parga, en Lugo, logo dos tempos da instrucción militar nos momentos de confraternización con camaradas da milicia lían e comentaban a poesía de Noriega Varela, quen exercerá despois grande influenza no estilo novoneyriano dos seus primeiros versos en galego.

Por mor dunha enfermidade que lle veu cando ainda estaba cumprindo o servizo militar, Novoneyra foi trasladado ao hospital militar de A Coruña. Durante ese tempo visita de cando en vez a Real Academia Galega, e alí sentado escribirá en papel da

mesma Academia algúns versos xa en galego, precisamente aqueles nos que se percibe máis a pegada de Noriega.

En 1952 volve á casa familiar a reencontrarse non só coa familia senón tamén con O Courel, -que non abandoará ata o ano 1962- por mor do recrudecemento daquela enfermidade que non curara de todo. Durante ese tempo de convalencia, será no que produza o seu ciclo poético netamente courelán, que terá como creación maxistral a súa obra *Os Eidos*, que escribe entre 1952 e 1954, e que sairá ao prelo en 1955. Estamos a falar dunha obra que será obxecto de futuras ampliacions e mutacións en anos posteriores, e á que pola súa importancia principal no universo poético de Novoneyra lle adicaremos un apartado concreto.

No ano 1957, con ocasión dunha saída esporádica do acobillo corelán, participou no "Homenaje a la poesía gallega", que se celebrou en Santiago. No acto, un Novoneyra mozo declamou alguns textos do cancioneiro medieval polo que sentía un grande agarimo poético. Pero o máis salientable foi que na súa intervención incluiu algunhas expresions en galego, xesto que causou rebumbio polo que semellaba naqueles tempos como ousadía a utilización dunha lingua que estaba anatematizada dentro das coordenadas políticas do franquismo represor.

Con ocasión dunha visita a súa casa que no ano 1962 lle fan Victoria Armesto e o seu marido Assía, acepta a proposta que lle transmiten para que volva a Madrid a traballar na radio e na televisión en programas relacionados coa poesía. Tratábase dos programas titulados "Versos a media noche", "Poesía e imagen", e "Poesía en Compostela". O seu traballo consistía en facer a escolla dos versos e tamén do poeta que os recitaba, e que se facía nos momentos inmediantamente anteriores ao peche dos programas.

Por outra vez, esta nova estadía madrileña producirá efectos colaterais no noso poeta, que deixarán fonda pegada no seu devir tanto no plano poético como no persoal. Do mesmo xeito que na ocasión anterior, será a relación con persoas do mundo das artes e da política a que xere nel unha renovación das súas inquedanzas pola situación social e política que se está a vivir naqueles tempos en España, e derivadamente en Galicia. Desas xuntanzas coas xentes da vida bohemia madrileña virán os seus

contactos con poetas, escritores ou xornalistas que pululan naqueles conciliábulos cafeteriles. Frecuenta as tertulias do Café Gijón, relacionándose co poeta Oroza, e con pintores como Viola ou Tino Grandío. Fai tamén contactos cos compoñentes do chamado grupo Brais Pinto, integrado por galegos afincados en Madrid e que practicaban actividades académicas diferentes pero que tiñan un nexo común que era o da desesperanza pola situación socio-política que se estaba a vivir. Con alguns deles, en especial co pintor Reimundo Patiño, gardará unha fonda e longa amizade. Consecuencia daquelas vivencias será a súa obra *Elegías de Madrid,* que posteriormente se integrará con outras poesías anteriores do mesmo sesgo elexíaco, para rematar finalmente nunha obra comprensiva que sería editada en dobre versión bilingüe e co título de *Elegías del Caurel y otros poemas.*

Por causa da enfermidade que padecen os seus pais ten que regresar á casa de O Courel e permanecerá alí ata 1983, ano en que se afinca xunto coa súa familia en Santiago. Durante ese longo tempo de permanencia na casa familiar prodúcense acontecementos trascendentais tanto no eido persoal como no netamente poético. Casa en 1973 cunha moza luguesa, Elba Rei, creando unha nova familia que se acrecentará con tres fillos. O peso da nova situación deixará sentirse de xeito moi sensible no campo poético. Por estímulo da súa muller, recompila nun só volume a morea de composicions de sesgo courelán que tiña feitas despois de 1955 cando a saída de *Os Eidos I,* e que xunto con outras de contido nidiamente político integrarán o que será *Os Eidos II. Libro de olladas.* Non será esta segunda edición a última, xa que o poeta mantén unha vixilia permanente co seu libro arquetípico, producindo incorporacións ou rectificacions que se verán plasmadas en outas edicions que sairán nos anos 1981 e 1985, outra no ano 1988 en versión bilingüe galego-euskera, co título de *Bazterak – Os Eidos I e II,* en unha derradeira en 1990.

En 1983 instálase xunto coa súa familia en Santiago onde permanecerá ata o seu pasamento. Son anos en que mestura a creación poética coa relación familiar e a vida institucional, que exercerá dende o seu cargo de presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega para o que foi elixido en 1982 e que ostentará ata a súa morte. Desa época serán obras como *Muller para lonxe,* libro de poemas eróticos, *Do Courel a Compostela 1956-1986, Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas,* e *Poemas de doada certeza,* e uns contos para nenos. Tamén é incluible por ser

deste tempo a obra xa citada anteriormente na que da respostas a un entrevistador, e que na nosa opinión constitúe o elemento máis valioso para coñecer moitas das incógnitas que nos poden facilitar un achegamento máis directo ao poeta.

Morre o 30 de outubro de 1999 en Santiago despois dunha longa enfermidade.

3. O GALEGO DE NOVONEYRA

El veía na lingua, no falar, unha reminiscencia do pasado, en tanto que cría que era nela onde pervivían dun xeito fosilizado os sentimentos e as querencias dos antepasados, como depositaria da memoria que servía de ligazón entre pasado, presente e futuro. Entroncaba esas pervivencias no seo das contornas que lle eran máis próximas, a familiar e a xeográfica.

Manterá unha fonda fidelidade ao uso na súa poética do galego dialectal que se usaba na comarca courelá, e mesmo a completalo con xiros e voces que lle viñan do ámeto netamente familiar. Unhas veces atoparemos na súa obra dialectalismos de tipo morfolóxico, como en: *naquelo, il, teis, vein, hein, sein,* etc. Outras, serán dialectalismos léxicos, *nino, faio, nebra,* etc. Tamén aparecerán castelanismos, hiperenxebrismos, vulgarismos ou dobretes, *para* e *pre, ailí* e *eilí,* etc. El conta que deu en crear o que chama unha teoría propia, segundo a cal o galego que el falaba era o resultado final que proviña das mesturas agromadas nas variedades lingüisticas que tiña escoitado nunha casa familiar na que os seus catro avós proviñan de orixes naturais diferentes, coa conseguinte carga de diferenciacions na fala. Nese libro derradeiro de "confesions" ao que temos feito repetida referencia dí que: "*notaba que na aldea había outros que tiñan un falar bastante distinto do meu*" e que o seu idioma " *ademais do de Parada está integrado por un acervo de palabras …… Dos catro (avós) sae a fala familiar*". Nin que dicir ten que pola nosa parte naqueles casos nos que transcribamos neste traballo algún texto seu, o respectaremos literalmente.

Terá que ter moi en conta o lector que se adentre na lectura da poesía novoneyriana e singularmente no ciclo courelán, isto é de xeito fundamental en *Os Eidos,* que vai atopar diferencias lingüisticas e morfolóxicas propias da variedade dialectal da zona

xeográfica na que o poeta desenvolveu aquela parte da súa obra, a coñecida como a do galego oriental. É preciso telo moi en conta para alonxar as eventuais dificultades de interpretación que poideran xurdir. El era consciente diso e por elo tivo a finura de incluir un glosario nalgunhas edicionsda súa obra. Pero por si non abondara coa contemplación da beleza descriptiva quie teñen os versos, pode ser oportuno considerar o valor que ten a preocupación do seu autor por eludir os perigos da extinción de voces, recreándose na procura e no achádego para facer boa esa idea da inmensa riqueza que atesoura unha lingua como a nosa. Ao estudo e á pescuda de xiros xa desaparecidos ou de vocábulos a piques de selo adicará o poeta unha boa parte do seu tempo, incorporándoos ás veces nalgúns dos seus versos. Non esquezamos que era un grande coñecedor da poesía trobadoresca, na que atopaba moitas das fontes primixenias da lingua galega.

En momentos como os que se están a producir en Galicia pola problemática que se xerou arredor do idioma, cobran valor de proféticas cunha distancia de a penas pouco máis de vinte anos, istas palabras que pronunciou a propósito da condición identitaria dos galegos: "*ninguén dubida da nosa identidade nin os enemigos da Lingua propia que anque non queran nin falen será sempre o galego. Hai cousas que non escolle un, as escolle a historia*"·.

4. O POETA

Ven sendo unha práctica moi espallada no mundo da investigación científica a de que o punto de partida para estudar a un autor sexa establecer unha diagnose sobre as influenzas que experimentou, e a súa incardinación escolástica. O caso de Novoneyra nos se escapará dista formulación por parte dos estudosos da súa obra.

Por mor da circunstancia xeracional, hai coincidencia en incluilo naquela en que se ubican os escritores nacidos na década dos anos trinta, e que recibiría unha tripla denominación atendendo a algunhas das actividades culturais da época. Trátase da chamada Xeración dos Xogos Minervais, pola referencia a deusa Minerva, a da sabedoría; Xeración de La Noche, en alusión a unha páxina dun xornal compostelán así nomeada e que era adicada ao mundo das letras; e mesmo Xeración do Medio Século, por unha connotación netamente temporal. Outro poeta galego pertencente a

esta mesma xeración contemporáneo e mesmo amigo de Novoneyra, será Manuel Maria, co que compartiu como xa sabemos ademáis de intereses culturais, viviencias tan próximas na vida dos homes como as que teñen lugar nos tempos do exercicio da milicia. Nese capítulo de amizades poéticas e de proximidade xeracional con Uxío hai que incluir tamén ao pontevedrés Manuel Cuña Novás.

Seguindo esa orde establecida pola práctica académica, cómpre agora situar ao noso poeta nalgunha das coordenadas estilísticas ou de escola. Case que sempre resulta moi intrincado establecer esta correlación por canto poida ter de menoscabo na orixinalidade do autor que se analisa. Mais dende o momento que se comparte a pertenencia a unha xeración polo mero feito biolóxico de ter nacido nunha época concreta, resulta prácticamente imposible apartar a un autor dese contexto.

Recordan Rodríguez Fer e Carmen Blanco, dous estudiosos moi siñificados e profundos da obra novoneyriana, que nesta aprécianse reminiscencias que o autor recolle de tradicions autóctonas que se remontan á lírica dos cancioneiros medievais que xa aparecen individualizadas en autores como Pondal, Rosalía ou Otero Pedrayo. É coñecida, porque el mesmo así o declara noblemente, a súa devoción por aquela parella de poetas esgrevios, e o mesmo pola poesía medieval. Ou na tradición xa recoñecida na chamada escola paisaxística de Lugo, con autores da poética galega tan nomeados como Noriega Varela, Leiras Pulpeiro, Iglesia Alvariño ou tamén Manuel María. Nun apartado anterior xa fixemos referencia a unhas primeiras lecturas de Noriega. Recórdese que de xeito coincidente coa saida de *Os Eidos*, no mesmo ano 1955, a editorial Galaxia publicou un caderno colectivo co título de *Paisaxe e cultura* no que aparecían colaboracions de Otero Pedrayo, Salvador Lorenzana ou López Cuevillas nas que por medio de invocacions á terra se albiscaban alusions encubertas de siñificación política na procura dunha identidade galega esmorecida, como expresión dun anceio sentido dende os moi reducidos ámbitos culturais galegos existentes naqueles tempos. Para os dous autores indicados, resulta que mellor que incardinar a de Novoneyra na chamada escola paisaxística sería darlle unha denominación propia, a de considérala como “poesía da terra”, ainda que tamén hai que recordar que non sería o noso poeta o único que manifestara nos seus versos a relación do home coa terra.

Todo autor ten unha lóxica querencia por defender a orixinalidade da súa obra e unha tendencia correlativa a querer sustraerse a súa inclusión en calquera clase de escola. Non se lle pode pedir a un autor que desvele fontes e influenzas. Ese labor corresponderá, en todo caso, a analistas ou intérpretes da súa obra. Pero tamén nisto Uxío é orixinal. Despois de dicir que o seu comezo no mundo das letras foi tardío cando xa tiña 18 anos, refírese ás lecturas da obra de Pondal, Rosalía e tamén do cancioeiro medieval, xunto con referencias a autores como Pimentel, Noriega etc, que xunto coas mencions ás lecturas de poesías exóticas, pode considerarse como unha especie de catálogo das súas fontes. Canto ao ruralismo, non como escola literaria senon como concepto, entoa toda unha canción a prol do mesmo, criticando a aqueles autores que apartaron a súa mirada do rural, xa que neste está concentrada toda a riqueza histórica, *"porque a experiencia máis profunda e distante que teñen os galegos poidera ser a do seu pasado rural"*.

Un daqueles compañeiros xeracionais e mesmo amigo tan próximo que xa foi citado, non dubida en situar a Novoneyra naquela escola en que se atopa él mesmo, pero –engade- que sendo ruralista a poesía novoneyriana o seu autor depuraa coa incorporación de elementos ben lonxanos daquela escola, como poidan ser os que lle viñeran por influenzas da poesía oriental. Pola nosa parte, non iremos caer na limitación de supoñer que foran esas enunciadas as únicas fontes de erudición do poeta. Moi polo contrario cremos que seu acervo literario foi expandíndose co tempo e gañando en fondura e vastedade. Recordemos que él mesmo cita nalgunhas ocasions tamén a súa querencia por poetas latinos. Polo tanto, e xa para concluir con este aspecto, chegaríamonos así a unha sorte de *tertium genus* na súa formación pedagóxica e nela situaríamos a obra de temática rural do noso poeta, que pasaría por ser algo diferente da escola mencionada, ainda que dentro dunhas certas coordenadas inclusivas.

Pasando xa aos aspectos formais hai que ver, en primeiro lugar, en toda a obra novoneyriana unha preocupación permanente pola depuración expresiva, nese afán perfeccionista que tanto lle caracteriza. Esta procura pola perfección terá como contrapartida unha producción que dun xeito cuantitativo poderíase considerar como limitada, opinión que está moi extendida entre a crítica. Os repetidos autores atopan como segunda característica unha unidade de estilo na liña poética que se mantén a

pesar do tempo transcurrido entre as primeiras e as últimas obras. Esta unidade será compatible e congruente con algúns cambios que se producen e detectan en paralelo ás diferentes vivencias persoais polas que atravesa o poeta. Atopamos aquí a base para unha clasificación bibliográfica que desenvolveremos máis adiante.

Xa como un adianto a esa clasificación, podemos dicir que a temática das súas obras presenta variacions que van dende o tratamento a dimensions que teñen que ver co cósmico, o existencial, o político ou o amor, entre outros, como se verá na analise que fagamos dalgunhas das principais delas.

Nunha pescuda ainda que sexa curta pola obra do poeta, non pode faltar unha referencia a dúas técnicas que lle son propias e que van ligadas de xeito permanente a súa condición de creador. Estamos a falar da utilización das coñececidas como *fonosimbolismo,* o *simbolismo gráfico visual,* e tamén os *caligramas.*

Dentro da lingüistica, o fonosimbolismo xunto con outros como a onamatopeia, a paranomasia ou a aliteración, é un dos elementos que compoñen á fonoestilística. Ainda que Novoneyra utiliza moito tamén a onomatopeia, para o que nos interesa eiquí imos referirnos só ao fonosimbolismo. Por a última citada hai que entender aquela técnica por medio da cal mediante a repetición de fonemas, vogais ou consoantes, se quere transmitir ao lector do poemario polo conducto dos seus sons, sensacions moi concretas como poideran ser as visuais ou mesmo as animícas, por poñer dous exemplos.

Seguindo a obra do autor que dentro do estudo da poesía novoneyriana se especializa na analise desa faceta (o repetido Rodríguez Fer), imos reproducir de contado algúns exemplos extraídos todos eles de *Os Eidos*:

Comeza establecendo que hai algunhas diferencias dentro do que é o fonosimbolismo, atendendo á clase de sensación que se quere transmitir. En primeiro lugar atopamos un tipo de fonosimbolismo visual, que serve para evocar, por exemplo, a escuridade mediante a reiteración do vogal O ou do U, situándoo ao remate do vocábulo e facendo recaer nel o acento tónico,

Co O,

O grellear da f**o**nte!
O camiñ**o** do m**o**nte!
Andand**o** e vend**o**
A miña s**o**mbra c**o**rrend**o**
a lúa nas penas **o** alent**o**
o pensament**o.**
C**o**m**o** s**ó**l**o** nela pens**o** cand**o** cruz**o** **o**s uced**o**s
a mín non me p**o**ñen med**o** as figuras dos pened**o**s.

Ou co U,

C**u**mes soias i esc**u**ras
correndo n**úas**
pra a mayor siodá e negr**u**ra.

Pola contra, cando o que se quere reflictir é a claridade, o vogal elixido será o A, por ser a máis aberto,

Fontiñ**a** do C**a**r**a**bel!
Ago**a** br**a**nc**a**
n**a**cid**a** ó pe dunh**a** f**a**i**a**
teñe que ter bon beber.

O fonema I será utilizado para expresar levedade, pequenez, como pode ser o son do canto dos paxaros ou a caída da neve,

Falop**i**ña a falop**i**ña
va**i** branqueando a cort**i**ña.
Cada m**i**n**i**ña seu sono
cada copo a súa fra**i**r**i**ña.

Neva pecho na val**i**ña

neva na Corzar**i**za
neva na tara fragu**i**za.

Outros vogais ou consoantes ou mesmo composicions en forma de hiato servirían para achegármonos sensacions do máis variado. Por exemplo, e xa cos consoantes fricativos como o S, os sons siseantes,

Can a**s** folla**s** dando volta**s**…
Cain a**s** folla**s**…
Sinto unha cou**s**a
que **s**e apou**s**a en min e non me toca.

En fín, o hiato IU serve para expresar sensacions de arrepío. Cando a man mestra do poeta quere xunguir sensacions fortes ou encadeantes, a aliteración do hiato IU resulta fortemente expresiva,

Algo rux**íu.**
Do meu corpo sa**íu**
de br**íu**
a cobra do calafr**íu**.

Por *simbolismo gráfico visual* coñécese aquela outra técnica, motivada como a anterior nese esforzo permanente do seu autor por achegar aos lectores da mellor maneira a expresividade dos seus versos, que se formaliza no uso de elementos gráficos e de distribución do espacio do texto escrito, como cambiando os tipos de letra, as puntuacions, ou deixando espazos en branco.

Os *caligramas* veñen sendo como unha versión manual que o poeta fai dos seus poemas, e que son publicados na súa literalidade gráfica. Están recollidos no volume que leva por título *Poemas caligráficos*, que apareceu en 1979. Sintéticamente explicado, estamos diante dunha técnica na que se se expresa o texto poético baixo a forma do que podería parecer unha certa clase de pintura feita con diferentes tipos de letra e dándolle unha dirección ou posicionamento no texto acordes co sentido do mesmo. Por exemplo, cando se trata de escribir sobre o soño os trazos caligráficos

adoptarán a forma dunha amalgama. Se pola contra o que se quere e falar da morte, o trazo será forte, expresivo da contundencia do evento mortal. En definitiva, estamos diante dunha técnica que lle ven ao poeta da man do seu grande amigo o pintor Reimundo Patiño, co que compartiría moitas experiencias, técnica, por outra parte, que non é xenuina, xa que se poden atopar as súas raíces nas escrituras orientais ou tamén nas pintadas dos grafiteiros. Pero de todas as técnicas especiais que utilizou o poeta e que levamos descritas, parécenos que é con ista por medio da cal nos achegamos a un Novoneyra máis cercano, xa que se nos achega unha proximidade que é máis exacta, aquela que resulta inocultable nos rasgos que quedan escritos.

A observación derradeira que un pode ter cando se achega unha e outra vez ao poesía de Novoneyra e a de atoparse de modo recurrente con tres constatacions: a primeira é a do seus grandes coñecementos das artes da estilística, que sabe aplicalas. A segunda –xa referida- será a dunha laboriosidade permanente evidenciada na atención por mellorar o escrito; seguidas dunha ultima xa citada, que será a desa vocación, tamén permanente nel, por acercar aos lectores da súa obra sensacions do xeito máis certeiro.

5. CATALOGO DA OBRA

Ainda que xa fomos describindo en apartados anteriores as máis principais, parécenos oportuno establecer de contado unha clasificación recompilatoria da produción novoneyriana para facilitar a quen interese a súa procura temática. Estableceremos neste apartado conexions entre as variables diferentes que cruzaron a súa vida, como son, 1) a cronolóxica; 2) a espacial; 3) a persoal; e 4) a temática. Utilizarase nesta catalogación o cíclico como elemento vertebrador.

1ª. CICLO INICIATICO.- No que incluimos os seus comezos na escrita cando tiña 18 anos e que van en lingua castelá, durante a súa permanencia en Lugo. Eo o poemario titulado **ABROJOS.**

2º. PRIMEIRO CICLO MADRILEÑO. Corresponde ao tempo da súa primeira estadía madrileña, que vai dende 1949 a 1951. Escribe en castelán. A temática é variada e a situación espiritual é a dun estudante que vive dentro ambientes

universitarios as precariedades políticas dunha época de restricions individuais. Deste tempo é o seu libro titulado **DESDE LAS COSAS,** que nunca chegou ao prelo, e do que a penas se coñecen algúns poemas. Dous de eles titulados *"Pedazos"* e *"El discurso de los nombres"* apareceron publicados no número corresponde a agosto de 1951 da revista universitaria *Bengala.* Mercede a pescudas de estudosos, coñécese outro poema máis dese libro, o titulado "*Teoría del vuelo"* Tamén son desa época outros dous libros, **POEMAS DE DIOS** e **CAUREL,** dos que hai moi poucos versos recollidos. Da obra que a poeta Olga Novo adica á análise de *Os Eidos,* e que aparece citada entre a bibliografía que foi utilizada para a confección do presente traballo, extraemos o seguinte poema, do libro **CAUREL**, e no que a mesma autora dí que xa se albiscan xermolos do que sería *Os Eidos,*

¡Prado henado guadañado!
¡Calor pesado
de Julio! ¡Labrador doblado
ensudorado!
¡Olor de heno curado,
de heno madurado,
segado, soleado,
engolgado y empilado!
Por el prado rastrillado;
rastrillo, yugo, tirado,
cornales de cuero centado,
carro cargado y atado,
y buey ensimismado.

3ª. CICLO COURELAN.- Damos este nome ao tempo que vai dende os anos 1953 ata 1962, unha época na que o autor a penas sae da Casa da Fonte, a donde fora para curar unha enfermidade. Son os tempos da catarse. O poeta adopta xa a lingua galega como definitiva. Os pousos da estadía madrileña e o seu confronto coa realidade que está a vivir na terra nutricia, xunto coas mágoas e as dores no leito de enfermo, producen o estourido da súa obra máis importante, **OS EIDOS,** que sairá á luz en 1.955. Un corte diferente pero no que aparece tamén reflictida esa constante que a preocupación polo devalar existencial, terán as obras **ELEXIAS DO COUREL E**

PRIMEIRA VERDADE E TEMPO CON NOMES, que posteriormente veranse engrosadas con outras nunha publicación derradeira editada en versión bilingüe galego-castelá, co título de **ELEGIAS DEL CAUREL Y OTROS POEMAS.**

4º. SEGUNDO CICLO MADRILEÑO.- Vai de 1962 ata uns meses de 1966. Durante esa segunda estadía madrileña o contacto con xentes da cultura e a intelectualidade remozarán nel as preocupacións pola situación social e política do país, e mesmo do mundo, que terán a súa tradución posterior en composiciòns de grande dimensión. Deste tempo é a serie **ELEGIAS DE MADRID,** que máis tarde pasará a formar parte da obra compiladora de ton elexíaco descrita no ciclo 3º.

5º. CICLO POLITICO.- Dámoslle este nome ao tempo que vai dende os últimos meses de 1966 ata 1983, prazo no que transcurre a vida do poeta entre O Courel e Lugo. Porque trátase dunha etapa nas que a súa obra ten unha temática fundamentalmente política, en exercicio dunha preocupación que no poeta se extendía tanto dende a situación social española ou galega ata por acontecementos da política internacional, e que se vira moi reforzada tanto polas relacions persoais entabladas como polas experiencias que se percibían na rúa. Son exemplos da poesía desta época, **O PRANTO POLO CHE** (1967), **O VIET NAM CANTO** (1968), ou **CHILE 73,** que escribe nese mesmo ano cando naquel país andino estanse a producir tráxicos acontecementos. Pero sobre todo a peza que pódenos resultar máis interesante por canto que a través dela está debuxando un espello do máis exacto arredor da situación pola que atravesaba Galicia, é aquela que leva por título **LETANIA DE GALICIA.** Por esa mesma época, e a carón dos cambios familiares que estanse a producir na súa vida, fai unha depuración de **OS EIDOS.** O resultado máis próximo será **OS EIDOS 2. LIBRO DE OLLADAS**, que sairá publicado en 1974, no que aparecerá incluida A Letanía, e que vai aderezado con dibuxos do seu amigo o pintor Laxeiro, a quen adica os versos titulados O LAXEIRO PINTOR DUNHA GALICIA. Pero non será ista a última edición da obra. En 1979 saen **OS POEMAS CALIGRAFICOS,** libro que leva un prólogo e deseños do seu outro amigo pintor, Reimundo Patiño, con quen xa sabemos que compartira devezos artísticos e políticos en Madrid. Precisamente será nista obra onde aparecerá publicado por primeira vez **O VIETNAM CANTO**, ainda que se repetirá despois en outro libro.

6º. CICLO COMPOSTELAN, O DERRADEIRO.- Tempo que vai dende o ano 1983 ata o do seu pasamento en 1999. Novoneyra trasládase xunto coa familia a Santiago. Será ista unha etapa na que coincidan sensacions de acougo que acostumbran ser produto da madurez biolóxica, as atencions familiares, e mesmo as inquedanzas nunca desaparecidas polos temas sociais e políticos, que Uxío compaxina coas súas andainas institucionais. É tempo que tamén aproveita para facer reagrupamentos de algúns poemas espallados que tiña escritos, para darlles formalización en forma de volumes, tal é o caso de **MULLER PARA LONXE,** poemario básicamente adicado como o seu nome indica á muller, cun contido erótico, que sae ao prelo en 1986. Dous anos despois verá a luz **DO COUREL A COMPOSTELA 1956-1986**, obra antolóxica na que aparecen recollidas as composicions anteriores de temática política, e que vai complementada con aportacions de tipo caligráfico do poeta, ou mesmo textos críticos de outros autores. Niste mesmo ciclo e época sairán novas edicions de **OS EIDOS.**

X ana década dos 90 asistirase a unha novidade da man do poeta, que viría agora dada en forma de dúas composicións de literatura infantil, **O CUBIL DO XABARIN** (1991), e **GORGORIN E CABEZON** (1992), con tramas de temática aventureira redactadas con sinxela beleza poética e nunha ambientación galega. Veranse seguidas por unha terceira, escrita alguns anos despois, en 1998, co titulo de **ILDA, O LOBO, O CORZO E O XABARIN.** En 1994 saen os **POEMAS DE DOADA CERTEZA I ESTE BRILLO PREMIDO ENTRE AS PALPEBRAS,** volume no que volverán aparecer caligrafías do poeta e pinturas de Patiño. En 1995 colabora con algúns poemas seus nunha obra de autores varios titulada **CAMELIO JAPONES.** En 1997 escribe un poemario dedicado a Betanzos. Do ano seguinte será o libro de conversas con Emilio Araúxo titulado **DOS SOÑOS TEIMOSOS,** libro ao que pola súa riqueza testemuñal xa nos temos referido abondo. A súa derradeira obra é a que leva por título **ARRODEOS E DESVIOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO E OUTRA ROTAS,** e sairía á rúa con carácter póstumo.

Coa descripción anterior cremos cumprir coa misión proposta dando a coñecer aquela parte da obra que é considerada por estudosos especializados como a máis importante. A enumeración feita ten un valor meramente aproximativo sobre todo,

como xa dixemos, para aqueles eventuais lectores que busquen unha temática concreta dentro da panoplia novoneyriana. Pero tamén cómpre lembrar que hai noticias sobre a existencia de moita obra que ainda permanece inédita. Polo tanto, cabe abrigar nos lectores interesados a esperanza de que investigadores especializados na obra do poeta poidan darnos a coñecer nalgún momento os froitos daquelas pescudas. Talvez non sexa aventurado supoñer que as celebracions do Día das Letras Galegas sirvan para reverdecer algunhas intencions que poidan ainda permanecer solapadas para afondar neses estudos.

En apartados seguintes imos ofrecer –ainda que en forma de breves pinceladas- unha aproximación analítica a algunhas das obras do poeta, escollendo dentro das diferentes temáticas aquelas que nos parecen as máis representativas.

6. OS EIDOS

Non parece que haxa discordancia entre estudosos e investigadores por aceptar que *Os Eidos* é a obra arquetípica de Novoneyra. Esa aceptación non debe levar implícita a idea de que sexa a única que produxo. Pode influir nesta confusión porque lle veña desta obra o alcume de "poeta de O Courel" co que se lle coñece, precisamente porque os versos que alí aparecen deron lugar a que a comarca goce de recoñecemento literario, ainda que, xusto é indicado, tamén houbo outros poetas que ensalzaron a comarca cos seus versos, comos son os casos de Fole ou Maria Mariño. Pero ainda sendo todo eso así e sin restarlle nada da súa trascendencia, no que xa levamos escrito aparece explicitada de xeito abondoso a versatilidade temática que enfrontou. Tamén parece evidente que para o poeta esta obra foi a principal, polo menos así poderíase xulgar polas reiteradas reedicions que se facían dela aproveitando a incorporación de textos novos, de sorte que podería parecer que para él era como un libro de confesions, quizais unha especie de diario íntimo ou un "libro refuxio", onde ían parar acontecementos sobrevidos da máis dispar natureza, dende o aumento da familia ata homenaxes a escritores ou pintores amigos, ou tamén a acordanza dun Courel lonxano, coa señardade sentida dende o acomodo urban dos últimos anos da súa vida.

O lector que por vez primeira enfronte a intención de mergullarse nesta obra podería facerse preguntas como éstas: Qué son *Os Eidos?;* ou, Qué é o que quere transmitir o autor?. A resposta a primeira das cuestions daraa o propio poeta cando dí que: "*Os eidos son os sitios da terra que poden nomearse nun microtopónimo, que poden identificarse por un nome. Tamén pode decirse eidos dos lugares íntimos, os máis convividos, dos que se ten longa experiencia, hábito de longa presencia, os que un leva estampados dentro"*.

Cuanto á segunda das cuestions, semella aconsellable acudir á complementación informativa de críticos especializados no tema. Xa que logo, imos apelar aos traballos dos dous autores que xa foron citados antes, e tamén ao da poetisa Olga Novo. Redondearemos o círculo da análise con algunha outra semblanza crítica, e principalmente, coa versión persoal do seu propio autor.

Para Rodríguez Fer e Carmen Blanco, na primeira edición de 1955 é perceptible a influenza do momento cultural que se está a vivir na cultura galega, nomeadamente inclinada no interese polas descripcións paisaxisticas, e que podía derivar en motivacions que ían dende o puramente ornamental ata outras para darlle sentido político, en tanto que forma de achegamento á propia terra dentro da tradición galeguista. Ao mesmo tempo de incluir a *Os Eidos* nesta intencionalidade política, engaden que a obra ten tamén outras aportacions como son as físicas, as sensuais ou as mentais que lle dan un grande valor cultural e antropolóxico, ofrecendo rasgos diferenciais ao respeito das coordenadas histórico-culturais nas que se insire, de xeito que a poesía que aparece en *Os Eidos* é *metapaisaxística*, xa que vai máis aló da paisaxe, en tanto que o poeta procura o sentido último das cousas e do individuo, e mesmo a relación entrambos os dous.

Polo que atinxe ao fondo, estes autores ven na obra unha plasmación cordial e total co universo, por medio da cal prodúcese unha conxunción entre o home e o mundo. Ven a Novoneyra posuido dunha mentalidade que está moi perto do panteísmo, pero lonxe da presenza de Deus, como queda plasmada nestes versos:

Outos vales soutos e bouzas!
Hora en que todo é unha sola cousa!

Respecto da siñificación política de que se fixo referencia, cren percibila na propia metonimia das terras que canta Novoneyra, nas que asoma unha protesta de signo nacionalista e mesmo ecoloxista, diante dos perigos de perda da identidade xenuina, como pola deturpación ambiental.

Indo xa polo miúdo, a obra comeza cun frontis poético no que xa se pode divisar o que será o miolo de todo o poemario, esa sensación de abraio que experimenta o poeta diante da fermosura maiestática da contorna xeográfica na que se atopa, e mesmo do descobrimento paralelo da febleza humana,

> Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!
> Eiquí síntese ben o pouco que é un home….

Dentro desa mesma ola admirativa, nos versos seguintes aparece á descrición toponímica daquelas esplendideces naturais,

> Hein d´ir o Pía Páxaro i a Boca de Faro
> deitarme na Campa da Luzenza nun claro.
> Hein d´ir á Devesa da Nogueira i a Donis
> o Rebolo a Pinza i o Chao dos Carrís.
> Hein d´ir a Lousada i a Pacios do Señor
> a Santalla a Veiga de Forcas i a Fonlor.
> Hein d´ir ó Cebreiro pasar por Liñares.
> rubir o Iribio a Cervantes i a Ancares.
> Hein d´ir a Cido y a Castro de Brío
> baixar y andar pola aurela do río.
> Hein d´ir a Céramo cruzal´o Faro i entón
> debrocar para abaixo cara Oéncia e León.
> Hein d´ir a Vales i a Pena da Aireas
> i a un eido solo onde ninguén me vexa.

Tanto nistas e máis outras moitas mencions de nomes xeográficos que aparecerán en todo o poemario, achamos unha mostra desa preocupación do autor -a que xa temos feito referencia-, polas conservacions nominais fronte ao riscos do olvido.

Nista primeira edición do ano 1955, o poemario aparece estruturado nunha serie de bloques temáticos, o que fai que nunha serie secuencial perfectamente trabada o poeta vaia pasando duns terreos a outros, nunha progresión na que se mesturan a vocación meramente descriptiva do natural con aspectos máis intimistas.

O trazo que segue ao daquelas explosions admirativas será xa o de dar paso á presencia humana diferente a do propio poeta para acercar máis ao lector o percorrido por aquelas paraxes e as sinuosidades carácterísticas daquelas terras. Recurre para elo á ficción de situar ao seu propio pai, José de Parada, ao que ubica nese rumbo,

Vai o José de Parada
atravesando il solo
a Devesa do Rebolo.
Cabalgando vagariño
cruza a terra do viño
cara Viana do Bolo.
Deixa a serra pasada.
Leva a alma asiñana
ca mágoa do camiño.

Despois, o poeta xa penetra no bosque e a partir de eiquí experimenta unha transformación radical: aquel arroubo inicial diante do magnífico da paso ao ensimesmamento fondo, á contemplación das cousas miúdas e mesmo eternas. Cre percibir a través delas a linguaxe ancestral e o sentido da historia do tempo. Na comunicación que o poeta establece coa auga e outros elementos chega a un estado semellante ao da hipnose, que algún crítico califica como cercano ao nirvana, facendo unha aproximación moi certeira á filosofía taoísta que, por certo, algún outro estudioso sitúa entre as fontes da creación novoneyriana.

Nese canto á natureza o poeta utilizará, entre outros, tres elementos primixenios para acercarmos ás sensacions: serán a auga, o aire e o lume, que aparecen a carón da excelsitude xeográfica e tamén da vida real, cos traballos da xente ou o bulir dos animais do bosque, como poidan ser o chío dun paxaro, ou oubear dun lobo ou o rincho dun cabalo. Nesa mestura penteística aparecerán tamén, por exemplo, o catar do aire, a percepción dun frio que queima, ou o laio da curuxa. Na especie de limbo telúrico ao que chega o poeta nunha sensación que recorda como xa se dixo á do nirvana, apelando ao animismo os fenómenos naturais toman características dos seres vivos, e así,

Eu ollar pro lume
iI o lume a ollarme.

Os autores que vimos citando cren atisbar no sentido cósmico-telúrico do poemario unha base cronolóxica conformada nunha idea que ultrapasa aquelas temporalidades que se teñen por convencionais. Eiquí aparece unha nova caste de tempo, aquel que non cambia polo seu decurso, e que o poeta denomina como “longo”:

Verdega o mofo
que fía o pouso do tempo longo..

Noutra cabriola, o poeta experimenta un chouto pasando dende o ensimesmamento fondo anterior ao que atopa como máis próximo, nunha reviravolta dende o telúrico ao persoal. Daquelas loas á fermosura e as percepcions do mundo cantado, pásase ao pesimismo do corpo e da alma, nunha mostra ben nidia do home pola preocupación existencial. A dor, a soidade, fan acto de presencia no poemario. Lembremos que foi escrito nunha época na que o poeta curaba unha enfermidade que lle producía fortes dores físicas. Dun xeito que resulta clarificador por demáis e nun apartado que leva un título tan expresivo como “O couso da dor”, aparecen istes versos:

Según a tarde vai caindo
vánseme sumindo
os soños na sombra e vai rubindo

a door.
Según a noite vai entrando
vánseme afogando
os soños na sombra e vai medrando
a door.
Según a noite vai enchendo
vánseme perdendo
os soños na sombra e vai podendo
a door.

Pero esa mudanza, esa sorte de voltereta constante que non é máis que o resultado da expresión dos diferentes estados de ánimo e de situacions que quere deixar plasmados, aqueles tons claroscuros agora darán paso a outros ben diferentes, e así o lector poderá tamén asistir a cantos que atopan na temática amorosa a súa expresión poética como por exemplo na pastorela que segue, nunha demostración máis do gusto que o poeta sentía pola lírica medieval,

Fiaderiña delgada
sempre metida a fiar
sempre a fiar e soñar
para logo non ser nada.

Para logo non ser nada
eso inda está por ver
e pois cas frebas do liño
ó torcelas de camiño
algo se ha de prender.

Algo se ha de prender
i a fé que tiñas razón
que eu estábache mirando
sin deñar que encantenón
íbame indo namorando.

Olga Novo recórdanos que na segunda edición de *Os Eidos,* que viu a luz en 1974, asistimos a unha revisión da primeira. O longo tempo intermedio e sobre todo as circunstancias vitais que mediaron entrambos os dos períodos de tempo, lévano a afondar no tema da soidade do ser humano. Resulta revelador que ista segunda edición leve como título complementario o de "Libro de olladas", que xa da indicios de por onde se quere ir. Aquela abstracción de pasividade inicial na primeira versión trócase nunha revisión de ollada cara adentro. O arroubo primeiro deixa paso a outra realidade, a quela pola que se percibe que os belos peneiros inducen a recoñecer neles, ao mesmo tempo que aquela febleza inicial do home cara eles, a da súa rugosidade e condición agreste, e paralelamente, a percepcións desacougantes e moi intensas como as da soidade e as da finitude. Xa o dí nos primeiros versos,

> Terras outas e solas!
> Serras longas mouras!
>
> Eu son esta coor de soidá.
>
> Tesos cumes do Courel! Pobos probes
> ardidos de tristura mouros de queimados!

Para estruturar esta segunda edición, o poeta establece unha xeira composta de seis partes, catro delas referidas mesmamente a *Os Eidos*, con istes títulos: "Serra aberta", "Follas de cantigas do derradeiro trovador", "Diario de enfermo", e "Don do silencio", e dúas máis de sentido cívico, "Letanía de Galicia e outros poemas", e "O Laxeiro pintor dunha Galicia". Pola brevidade que é norma consustancial ao desenvolvemento do presente traballo, imos referirnos eiquí só aos capítulos da parte propiamente courelá por parecernos que son os máis salientables por canto que teñen unha incidencia marcada nesas notas distintivas que se indicaban. En canto á parte cívica, a Letanía de Galicia será tratada do xeito que se merece e máis por extenso noutro apartado deste traballo.

En "Don do silencio", entra, como xa se dixo, en temas tratados anos antes pero dándolles máis fondo, sobre os fenómenos naturais, a ollada poética, o silencio ou o

pensamento, como pode percibirse nos seguintes versos, entre outros que se poideran traer,

Pensamento ven
pensamento vai
hasta non estar
nin co pensamento.
Os ollos sin ver
o sitio onde van
levado dos outos vales
deixando correr o tempo
eu i o aire da tarde
somos o mismo silencio.

No que leva por título "Follas de cantigas de derradeiro trovador", atopámonos cun pretexto que utiliza para lembrarnos a súa querencia pola poesía trobadoresca e confirmar os seus coñecementos sobre ela, seguramente porque naquel tipo de poesía estaban algunhas das súas primeiras fontes literarias. Nunha enumeración nominal, vainos presentando unha serie moi completa dos poetas e trobadores galaico-portugueses que mellor coñecía, incluíndose el mesmo na ringleira ao remate do poema, para trasladar unha admonición a aqueloutros poetas que fan exercicio poético sen integrarse na sustancia das mensaxes que transmiten, dun xeito que resulta ben diferente ao seu:

Convosco falo con vós El Rei Alfonso Esquío e Torneol
Pero Meogo e Mendiño os que levais a frol
con vos El Rei don Denís de Portugal Per Amigo
Roi Fernández de Santiago Martin Codas de Vigo
con vós galegos de voz xorda galegos de cristal
Xoan Airas Airas Nuñes Bernal de Bonaval
Martín de Padrocelos perto donde eu nacín
Esteban Coello/ a flemosa fía e canta manselín.

. ……

Son eu trovadores do pensar
que non se debe ter por trovador
trovador que trova por trovar
sin ser de tal coita sofridor
que non poidera sen rebrer calar.

……

En fín, tampouco faltarán alusions á nostalxia que sente o poeta por aquela ollada aos tempos anteriores, o que parece como un recoñecemento da muda que o tempo opera nos sentimentos, nunha especie de aceptación en ton crítico do devalar.

Novoneyra dirá de *Os Eidos* que na súa obra a paisaxe deixa paso á terra porque o concepto desta última é moito máis profundo, máis elemental. Que o achegamento que el intenta á terra cos seus poemas siñifican unha "*querencia do propio profundo"*, e que durante un tempo que durou dous ou tres anos él sentíuse moi metido na obra; e tamén que se non fose pola atención que Ramón Piñeiro lle prestara á aquela composición poética, ben poidera ter acontecido que " *él se fora para outro lado, e deixara á terra"*. Sobre este último comentario, convén recordar que é consecuencia do limiar que Piñeiro escribiu en forma de carta para aquela primeira edición, e que lle dirixía para corresponder á dedicatoria que Uxío lle facía a él, o mesmo que a Maside. Por certo, que Piñeiro fala no seu limiar dunha *"anulación do persoal a favor do cósmico"*, frase na que se quere ver no conxunto da obra unha superposición do telúrico sobre o propiamente human, teoría coa que, por certo, con concorre Manuel Maria, que aposta pola preponderancia da presencia do home, da persoa, no poemario, e a que se sumará o filósófo Francisco Sampedro. Conclúe o propìo Novoneyra dicindo que en *Os Eidos* aparece salvada a distancia entre as cousas, porque, *" a singularidade está no extremo en como se deu e prolongou o (seu) encontro coa terra, en que pasou do meu ao seu"*.

Outros autores farían no seu momento e despois críticas á obra, en xeral en sentido positivo. É o mesmo Novoneyra quen recorda que a obra deu pé a que xurdiran algunhas teorías, tal o caso da sostida por Ignacio Castro, coñecida como a da

“fenda”, quen tomando unha idea do filósofo Niechtsche, dí que o xermolo creativo de *Os Eidos* hai que atopalo nunha creba interior experimentada polo poeta.

Hai un aspecto estilístico en todo o poemario que resulta moi significativo e que convén resaltar, é o da sobriedade silábica, o uso do verso curto, no que algúns atisban como unha aproximación á forma que está estereotipada na figura poética do *haiku* xaponés. O poeta recoñecía mesmamente a fascinación que unha composición de tal tipo exercera nel cando era moi novo.

Con referencia aos aspectos fonéticos que se conteñen de xeito abondoso na obra, remitimos aos comentarios sobre o uso do fonosimbolismo que aparecen noutro apartado deste traballo. Son tamén de suliñar os tons musicais que se poden apreciar nunha boa parte dos versos, precisamente pola intencionalidade do autor de recargar os acentos tónicos en moitos dos que aparecen para lembrarnos a relación que hai entre métrica e música.

7. UN NOVONEYRA POLITICO

Era un neno de seis anos cando estalou a Guerra Civil. Como xa sabemos, na Casa da Fonte respirábanse de xeito inconfundible alentos republicáns. Coñecemos tamén o ambiente de alegría forzada que vivían os domingos as xentes da aldea nun intento de esquecer os rigores bélicos. A lembranza daquelas vivencias agochadas na retina e na mente dun neno intelixente non o abandoarán xamáis e servirán de forxa inflexible para agromar un sentimento político e un anceio de liberdade polos que manterá unha fidelidade indestrutible e permanente ao longo de toda a súa vida. Foi testemuña mudo de acontecementos que deixarán nel moi forte pegada. Non será só a circunstancia esperpéntica da convivencia co segredo de agochar a un tío fuxido. Outra escea moito máis patética e impactante foi a que viviu por mor do asasinato político dun veciño, Manuel Cela, coñecido na comarca como Manuel de Ribadaira, feito ao que adicará un romance que escribe en 1976. Asistiu á escea, por demáis tráxica, do círculo que formaban as xentes da aldea arredor da nai e das irmás do asesinado facendo o pranto, o que evoca nel outras esceas semellantes da traxedia grega, e que lembra a tantas outras recollidas na triste historia das desgrazas das xentes do mar, ou ás que aparecen marcadas en litografías. Pero non serán só

experiencias de aconteceres alleos a súa mesma persoa os que teña nesta época tebrosa. Experimentáraos en si mesmo. Conta que algún tempo despois, un día que levaba posto un xersei de cor bermella ao cruzarse cuns falanxistas da comarca, racháronllo, porque aquela cor estaba prohibida en tanto que parecíalles representativa e evocadora da facción da legalidade republicana que aqueles combatían. De xeito complementario a istas experiencias persoais do noso poeta e para poñernos en situación, convén recordar a zona de O Courel foi esceario de brutais represions da man de falanxistas locais, ben coñecidos. (" *din que eran catro os que o pasearon/ e que todos iles morreron arrabeados/ catro eran son os nomes que calo")* dirá Novoneira naqueles versos que en 1976 adica ao veciño asasinado.

Estes aconteceres marcarán nel, como xa se apuntou, a súa conciencia política e o seu compromiso social que atopará seu fortalecemento con ocasión das estadías madrileñas pola forza das relacions, os ambientes e mesmo as percepcions que alí entablou e captou. Pero agora o que nos interesa salientar é o desenvolvemento que fixo a través de composicions moi concretas deses sentimentos políticos.

O primeiro que hai que indicar ao respecto é que a preocupación social é política de Novoneyra ultrapasaba as fronteiras nacionais ainda que, por suposto, fora a situación interna e derivadamente a galega as que lle preocuparan máis. Proba desa expansión internacionalista son composicions moi concretas e tan importantes como o *Pranto polo Che,* que escribiu en outubro do 67, o *Vietnam Canto,* que aparecerá publicado en 1969, ou *Chile 73,* que ten como temática proceso de guerra civil que estalou no país andino. Deixaremos para máis adiante a referencia a composicions do mesmo sesgo que teñen por obxecto descritivo a situación política de Galicia, como é o caso da espléndida *Letanía de Galicia,* escrita no ano 68, ou os versos adicados aos traballadores Amador e Daniel asesinados en O Ferrol no ano 1972. Todos eles, xunto con outras moitas composicions, aparecen recollidos na obra *Do Courel a Compostela. 1956-1986,* libro que reproduce na súa capa un debuxo titulado *Paxaro marteirad*o, de Reimundo Patiño, xunto con fotografías de Federico García Cabezón e caligramas do poeta.

Resultaría manifestamente incompleto un proxecto divulgativo como o presente se non reproduxeramos eiquí algúns destes poemas. Moi a noso pesar e por mor da súa

longa extensión, nalgúns casos verémonos obrigados a reducilos ou mesmo a suprimilos:

PRANTO POLO CHÉ. ELEXIA INSTANTANIA A ERNESTO GUEVARA .

As aves da túa morte foron os muricegos que non vira en todo o ano.
Por iles soupen que é certo.
Ë certo! é certo! é certo! é certo! é certo!
As palazadas por dúbida entre certeza quer vir o pranto como o peso de prumas inda quentes dos derradeiros paxariños mortos
de tódalas anduriñas que cairon ó irse.
Como os homiños morren os éroes
non se funden Os Andes nin nada.
A mesma door xa afroxa a gorxa ó decorrer polo pranto baixiño.
E nin inda agora nin para ti teño outra voz.

Convén ter en conta tanto neste texto como outros da mesma tipoloxía política que se trata de composicions nas que xogan moito os elementos fonéticos que, aplicados axeitadamente, danlles peso e fondura. De modo fundamental estamos diante de pezas para seren declamadas. En Novoneyra mesmo atopamos un expoñente das virtudes declamatorias, que exercitaba con grande mestría, completando cos énfases, silencios ou reverberacions fonéticas a expresión máis viva e real de sentimentos plasmados inicialmente sobre o papel.

O *Vietnam Canto* é o mellor exemplo do anterior. Pola súa longa extensión e mesmo pola composición tipográfica que ten, xunto co feito de que ista é por antonomasia a peza dentro de toda a producción poética de Novoneyra que require ser escoitada máis que lida, absterémonos de facer eiquí reproduccions da mesma. Afortunadamente, os avanzos técnicos na radiofonía permiten a conservación de rexistros sonoros coa propia voz do seu autor. Pero se polas razons indicadas non imos reproducir algunha parte do texto, non podemos omitir porcions das respostas que o poeta da a preguntas que se lle fan arredor desta peza excepcional.

Comeza dicindo que a redactou atendendo unha petición que fora feita nos tempos en que a guerra do Vietnam estaba en pleno apoxeo a unha morea de escritores espallados polo Estado para integrar as súas aportacions literarias nun libro que levaba por título *Con Vietnam.* Obviamente, xa o título da unha aproximación da intencionalidade que acobillaba aquel proxecto, que non era outra que facer patente un apoio solidario ao pobo vietnamita na súa loita contra os invasores ianquis e transmitir ao mundo a condea polas atrocidades que estaban acontecendo naquel lonxano país.

Despois de declarar a súa inmersión anímica e emocional na epopea que estaba a vivir aquel pobo, continúa relatando que a confección do poemario foina facendo de forma desmembrada, en anacos soltos que despois encaixaba. Un día, cando estaba pasando as estrofas á máquina, deu nunha caste de xogo, consistente en ordealas de xeito diferente, ata caer no que chama *un poema visual mecanográfico,* ou sexa o que se coñece como *mecanografismo,* técnica que non era nova porque xa a tiñan feito poetas extranxeiros, por exemplo en Francia, onde a inventiva extendíase ata a poesía fotográfica, tipográfica, visual ou oral, entre outras castes.

O resultado final sería o dun.: ” t*exto visual e oral ao mesmo tempo”*, porque “*o veías e parecía artificioso pero o dicías e era directísimo, e tiña grande eficacia”*. Conta que nos recitais que facía por aqueles tempos en cidades e capitales galegas os remataba sempre con iste *Canto,* que engaiolaba á xente que asistía. Conta tamén a anécdota de que, por costume, cando era chegado o momento nos seus recitais de invocar o *Canto,* pedía aos asistentes que se puxeran de pé, en sinal de respecto polo pobo vietnamita. Pois ben, nun daqueles actos os delegados gubernativos que estaban presentes, (recordemos que se trataba dunha figura política establecida polo réxime franquista, consistente en impoñer a asistencia en tódolos actos públicos de representantes do mesmo, xeralmente membros da policía gubernativa, para que deran conta e razón do que estaba a acontecer neles, por si se producian expresions de desafección coa ideoloxía política que por aquel entón estaba vixente en España), atenderon igual que o resto dos asistentes o pedido do poeta e se puxeron igualmente de pé, o que posteriormente criticarían.

Tamén desbota a crencia moi extendida de que *O Vietnam Canto* fora publicado en Canadá, porque aquela foi unha lenda propagada dun xeito intencionado para despistar á censura franquista. Dí que en realidade fora publicado na Revista Exterior de Poesía Hispana, que se editaba en Barcelona.

A *Letanía de Galicia* será ao dicir de Manuel María *"o summum da poesía nacionalista galega… paréceme a mellor peza que deu…* (Novoneyra) *.desde o punto de vista nacionalista galego"*.

Son varias as concordancias que se poden apreciar entre o *Vietnam Canto* e a *Letanía*. A primeira de todas é a cronolóxica. Ambas as dúas obras foron escritas nun mesmo ano, o 1968, e precisamente tamén cando o poeta estaba por outra vez na casa de O Courel, despois daquela segunda estadía madrileña. Tanto nunha como na outra o seu autor bota man dos recursos declamatorios, no que se misturan exclamacions, silencios ou as pausas sostidos na colocación das estrofas sobre o papel. Aparecen as apelacions a unha participación ritual na que entran tanto o recitador como os ouvintes. Estamos diante do que Carmen Blanco chama a *poética do rito,* en tanto que contén unha esixencia de participación nun ceremonial da mente e do corpo, porque por riba de todo a *Letanía de Galicia* é un poema coral no que se mistura a lírica coa épica e mesmo a traxedia coa que se quere impregnar o ambiente no que se declama, como a mellor forma para achegar sentimentos de liberación e despertar para unha Galicia asoballada a unha sociedade que se amosa agochada e adormecida.

Tanto a coincidencia temporal da época en que as dúas pezas foran escritas como a motivación merecen ser explicadas. O ano 1968 foi un ano moi convulso, tanto na escea internacional como mesmo na interna. Ás barbaridades bélicas das forzas ianquis de invasión no país vietnamita hai que unir o maio francés, con todas as repercusións que tería nos eidos culturais e mesmo sociais ou políticos; neste mesmo ano caen asesinados en USA Martín Luther King e o senador Robert Kennedy. Teñen tamén lugar os acontecementos da chamada Primaveira de Praga, coa coñecida secuela de represións polos tanques soviéticos. En fin, en México ten lugar a matanza de estudantes na plaza de Tlatelolco. Vése pois, que o grao de convulsión na esfera internacional era ben forte.

En España tamén produciríanse acontecementos políticos moi importantes. Neste ano a banda terrorista ETA comete o seu primeiro asesinato na figura do comisario Manzanas. Nos que xa se ollan como estertores dunha morte cada vez máis próxima do réxime feixista estánse a producir folgas obreiras e axitacions. Hai algaradas no estudiantado español en solidariedade co apelo do maio francés, e se pechan varias universidades. Estamos así, diante dunha situación ben convulsionada que non podería pasar desapercibida para a mente dun poeta que vivía por aquel entón arredado na súa morada montañeira pero non durmido, que conservaba con toda a forza os arroutos acumulados en anos anteriores e seguía moi atentamente dende o lonxano os acontementos que se estaban a producir.

Para a mesma Carmen Blanco, na *Letanía* aparece amosado o peso no autor daquelas ideas marxistas que foran asumidas dende sectores progresistas ao respecto das reformulacions que xerou "o maio francés", no sentido de facer recaer a responsabilidade da liberación humana non soamente no proletariado segundo a vella formulación marxista, senon ademáis no resto das clases populares, aquelas que padecían máis de perto a crueza da opresión. Aquel optimismo revolucionario expandiríase entre os que buligaban na procura dun futuro político nunha España que botase para fora as cadeas do avasalamento e da aldraxe que se estaban a padecer, tal era o caso daqueles galegos residentes en Madrid cos que o poeta trabara relación. E Novoneyra dará expansión literaria a eses azos por medio dese canto épico que é a *Letanía.*

Pola súa extensión só imos reproducir algunhas das súas estrofas, recordando ao mesmo tempo o que xa se ten dito respecto do importante que é observar o texto escrito para decatarse de que nas súas diferentes grafías e na colocación dos versos asoma a intencionalidade expresiva que acobilla, e mesmo a dirección fonética que é máis axeitada para a súa declamación:

GALICIA digo eu ún di	GALICIA
GALICIA dicimos todos	GALICIA
hastr´os que calan din	GALICIA
e saben	sabemos

GALICIA da door chora á forza
GALICIA da tristura triste á forza
GALICIA do silencio calada á forza
GALICIA da fame emigrante á forza
GALICIA vendada cega á forza
GALICIA tapeada xorda á forza
GALICIA atrelada queda á forza

Libre pra servir libre pra servir
libre pra non ser libre pra non ser
libre pra morrer libre pra morrer
libre pra fuxir libre pra fuxir

GALICIA labrega GALICIA nosa
GALICIA mariñeira GALICIA nosa
GALICIA obreira GALICIA nosa
GALICIA irmandiña
GALICIA viva inda.

……

Nos tres primeiros versos aparece na invocación a Galicia o berro pola liberación, que sinten "*hastr´os que calan*".

Na segunda estrofa aparece reflictida dunha maneira completa toda a xeira de privacions experimentadas tanto naquel tempo como xa seculares por unha Galicia que permanece tristeira, que choriquea que está cega ou xorda; que emigra, sempre calada. Nesta enumeración pódese apreciar xunto co laio pola negatividade que evidencia, unha segunda chamada á liberación do sono e da pasividade colectivas.

Nunha sorte de reviravolta e como reforzo á argumentación reivindicativa, o poeta recórdanos na terceira estrofa algúns daqueles condicionantes que nunha especie de maldición histórica, veñen acompañando ao noso pobo, (*libre para servir/ libre para non ser/ libre para morrer/libre para fuxir).*

Na estrofa seguinte o poeta encóntrase coas clases traballadoras máis siñificativas do país galego. Nesa comunión social e na evocación da Galicia irmandiña loitadora cifra as esperanzas por unha redención vindeira ainda lonxana pero que xa o estuvera moito máis. Atopamos eiquí do xeito máis evidente a formulación teórica dese novo marxismo xa citado e ao que se refire Carmen Blanco.

Na penúltima das estrofas que non foi reproducida eiquí, o poeta volve facer acto de presencia para recordarnos en primeira persoa as esencias do pobo e as ligazons entre elas: terra, pobo, historia, incluindo referencias á relación entre Patria e Lingua, porque entende que nesta última radica todo o peso da historia e da identidade colectiva que da forza a ese sentimento de esperanza coa que remata o poemario:

Sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa.

Neste ciclo de poesía política tamén hai que incluir os versos que adicou a persoas determinadas por situacions concretas que estaban a pasar. Foi o caso do poema adicado a Daniel Pino. Tratábase dun galego amigo que coñecera durante a última estadia madrileña e que estaba na cadea por ter participado en algunhas algaradas estudiantís da época:

Grabarei o teu nome nas penas
D a n i e l
na porta das cabanas
en pradairos e nogueiras
can avalla
que aguza a vara
e tronza o pan.
E direin
pra esconxurar:
Levántate nebra
ó alto da serra.
Amosa Terra

a vera face.
Que alimpe
que escampe
e ver a renda
de finos cabos
que xunce esclavos
en liberdade!.

A Amador e Daniel, os dous obreiros asasinados nos luctuosos sucesos acaecidos no ano 1972 en Ferrol, adicará estes versos,

Erguéstevos cedo aquel día
/ o costumbre do traballo /
Mañá cedo para facernos coa vosa morte.

Non serán istes os únicos poemas adicados a persoas e aos aconteceres que tiñan como marco referencial aquela Galicia irredenta. Novoneyra sentía a necesidade de non deixar pasar sen facer obxecto dos seus versos ningún acontecemento salientable e polo mesmo susceptible de ser encadrado na formulación das súas inquedanzas cívico-políticas.

Polo que nos concerne e ao respecto deste ciclo concreto da poesía novoneyriana, sustraémonos de xeito consciente de facer valoracions máis fondas sobre o seu contido histórico ou poético. Limitarémonos a sinalar que en todas as lecturas que se consultaron para darlle forma ao presente traballo aparecen conclusions moi positivas arredor deses dous parámetros.

A pesar do anterior, podería ter cabida a pregunta de ata onde chegaba o vigor do seu posicionamento político, ou máis sinxelamente, cál era en verdade a adscripción ideolóxica do autor. Naturalmente que para atopar resposta a cuestions tan recónditas e de raigame tan persoal as mellores contestacions deberán vir do propio poeta, ainda que tamén cremos que para elo resulte inevitable a asistencia de testemuñas que veñan de parte de persoas que por proximidade amistosa ou xeracional poidan dar conta de xeito cabal das mesmas.

Xa para unha primeira aproximación, parécenos oportuno lembrar unha vez máis os fortes sentimentos republicans e de esquerda que se respiraban no ambiente familiar nos que se desenvolveron os primeiros anos da súa vida. Tampouco resulta sospeitosa a súa querencia demostrada nos anos mozos pola lingua e as connotacions políticas, nin a súa aposta por un galeguismo que buligaba na clandestinidade. Todas istas etapas máis outras que se lles poidan xuntar e das que xa fixemos referencia abondo, permiten extraer unha primeira idea, a de que estamos diante dun convencido nacionalista galego de esquerdas. Agora ben, se non caberían dúbidas sobre isto, sí poideran albergarse sobre a outros aspectos como por exemplo, os da súa integración como militante dalgún partido, ou sobre unha eventual compatibilización dun nacionalismo confeso con algunha outra corrente política. Para facermos a pregunta máis polo craro: Era Novoneyra marxista? Estamos diante de algo que agocha moito misterio e dificultade na súa resposta si recordamos a vella disquisición nos anales da teoría política segundo a cal existe unha incompatibilidade de raiz entre nacionalismo e marxismo. Para intentar atoparmos cunha resposta que mereza credibilidade e nos despexe as dúbidas,e como xa dixemos, resultarán polo tanto de obrigada consulta ás opinións dalgúns que foron contemporáneos seus ou frecuentaron a súa amizade.

Aquel esgrevio e vello compañeiro de andainas de mocidade e de inquedanzas político-culturais que fora Manuel Maria dinos que ambos os dous mozos debían a Maside a súa formación sobre o socialismo e mesmo o marxismo que lles explicaba de xeito serio e fondo naquelas conversas nos cafés de Santiago, así como moitas outras cousas relacionadas coa Galicia republicana. Aceptando este testemuño de autoridade, podemos polo tanto concluir que ambos os dous son debedores ao pintor e político dun iniciático punto de partida do que sería para o caso concreto que eiquí nos interesa a formulación dun ideario teórico-político que se verá aumentado posteriormente.

Un antigo compoñente do grupo Brais Pinto co que Uxío fixera relación en Madrid que derivaría nunha amizade que se alongaría despois ata os últimos momentos, Herminio Barreiro, aportará unha visión máis polo miúdo sobre a impresión que o poeta tiña arredor dos vencellos que xera unha militancia: *"Políticamente sempre foi problemático. Ainda que era un home comprometido, era un home de amplo*

espectro, non era un home de partido,por exemplo. …Consideraba que o artista ten que ser un pouco o portavoz dun pais enteiro…de algo aberto. Entón el non pode….estar atado a unha organización…. O sabedes todos, é un home comprometidísimo a fondo…con Bloque Nacionalista Galego, pero el nunca foi un sectario. Sempre tivo moi boas relacions con todo o que era a esquerda".

Niste elenco de testemuñas, recordaremos o criterio da autora Carmen Blanco sobre o aspecto que concita a cuestión prantexada Ela non dubida en situalo nas coordenadas dun marxismo renovado, que para a mesma autora atopa seu punto clave na expresión daquela aposta por unha Galicia libre que o poeta sitúa nas mans do conxunto das clases traballadoras.

Nun libro saído hai poucos meses e escrito por outro vello amigo que compartiu co poeta moitas experiencias sobre todo nos últimos anos da súa vida, estamos a tratar do lugués Xosé Lois García, conta a anécdota de que con ocasión dunha pregunta que lle fixera Uxío respecto de sí aquél seguía sendo marxista, despois da resposta afirmativa deste, completouna o poeta con outra afirmativa e inclusiva no mesmo sentido. Xa que logo, conclúe dun xeito ecléctico dicindo que en Novoneyra coexistían perfectamente aquelas dúas correntes, a nacionalista e a marxista, polo tanto querendo rachar con aquel vello tópico academicista que negaba tal compatibilidade. Completa o seu argumento recordando que un comportamento ideolóxico similar xa fora posto en práctica por o político galego Xohan Xesús González durante a II República, baixo a forma dunha reconciliación entre ambas as dúas correntes de pensamento ao respecto do problema social e nacional de Galicia.

Máis adiante o mesmo autor establece unha certa deriva cando ven a introducir unha variable de tipo cronolóxico, baixo a forma dunha diferenciación entre o galeguismo que Novoneyra sentía nos anos de mocidade ao lado do grupo de intelectuais do Café Español, e unha evolución posterior cara a un nacionalismo que gañará en forza na década dos oitenta, e da como exemplo o texto dun artigo que escribiu con ocasión da chegada dos restos de Castelao a Galicia titulado "Castelao, Nacionalista Galego", que foi lido na TVG e que tiña como finalidade principal a de dar a resposta dun nacionalista ao proceso de confrontación política que envolvera o retorno das cinzas do prócer: "*Os restos de Castelao están eí, e poden ser manipulados, como todo polo*

poder; mais Castelao solo ven paralelalmente pros que queremos unha Galicia Ceibe, pros que solo temos unha patria, a patria galega. Pros que solo nos sabemos e nos sentimos pertencentes a unha nación, a nación galega".

Convén contextualizar todo o anterior na época en que son escritas istas palabras. Estamos nuns tempos nos que alumean no horizonte dos pobos que conforman o Estado español as reticiencias de moitos daqueles antigos combatentes contra unha dictadura xa desaparecida, que se sinten poseídos de novos medos diante dunha conformación política do Estado que está en trance de creación, e que garda unha moi curta distancia de só sete anos dende que fora promulgada e posta en vigor a Constitución do 78 e polo tanto do nacemento do Estado das Autonomías. Cunha visión de hoxe, poden entenderse ben aqueles receos que manifestaban de xeito valiente algúns homes da cultura firmemente involucrados nos sentimentos políticos, e que se sentían posuidos pola vea dun nacionalismo que aspiraba a definirse sen cortapisas e a atopar o seu lugar no mundo. Accions concretas como o discurso que pronunciou nun acto público na Coruña en defensa do nacionalista Francisco Rodríguez, que estaba na cadea, dan conta pola súa voz dese temor que dende o nacionalismo galego sentíase diante da irracionalidade daquel outro nacionalismo de emanación estatal que quería impoñerse.

Concluimos pois tamén nos, dándolle unha adscripción de tipo ecléctico ao pensamento político do poeta, coincidindo en grande parte co que mantén Lois García. Cremos que en Novoneyra atopamos un nacionalista galeguista nos primeiros tempos, é aquel que recita versos do Cancioneiro medieval e que frecuenta a persoeiros esgrevios daquel galeguismo dos anos iniciais do franquismo, con algúns dos cales manterá relacions fondas que terán unha repercusión decisiva no seu futuro poético, tan o caso de Piñeiro. Cremos que as leccions de teoría marxista que escoitou de Maside xunto coas observacions e contactos nas estadías madrileñas forxan nel unha dualidade ideolóxica convivencial entre un marxismo redentor e aquela primeira formulación nacionalista que teñen como referente común unha Galicia asoballada e mesmo un mundo e unha España en igual situación de aldraxe. E derradeiramente, unha reformulación moito máis manifesta dese nacionalismo galego fortalecido na década dos 80, cando os acontecementos políticos que se están a vivir en Galicia deixan entrever –como xa dixemos- os riscos dunha involución nos que senten en

vivo aquelas inquedanzas que veñen de antigo, e polo tanto a necesidade de combater con vigor a prol dos sinais de identidade que parecen correr perigo. Novoneyra cumpriría con iste compromiso dun xeito decidido e inequívoco. Entendemos que esa exacerbación nacionalista súa dos últimos tempos atopaba unha motivación naquel sentimento de abraio que experimentaron moitos nacionalistas galegos convencidos con motivo da viraxe ideolóxica que protagonizara Piñeiro, e que desembocaría nunha reformulación dos postulados do nacionalismo galego que foi considerada como unha traizón, sen paliativos, por moitos daqueles que foran discípulos seus de doctrina política. Sen dúbida que neste grupo de desencantados entrou Novoneyra. Remitimos a quen lle poidan interesar pormenores sobre este proceso político tan trascendente e que xa forma parte da historia recente de Galicia, a un traballo similar ao presente, que elaboramos o ano pasado co gallo de terlle sido asignadas as celebracions do Día das Letras Galegas do 2009 á figura de Ramón Piñeiro.

.

Tampouco parece que se poida albergar dúbida algunha sobre o seu rexeitamento contumaz a integrarse nunha adscripción partidaria. O comentario de Herminio Barreiro que precede pode ser o mellor indicador do xenio dun home que como amante irredento dunha liberdade da que fai como o seu mascarón de proa, non acepta axustarse aos corsés dunha militancia. Son ben coñecidas as reticencias que algúns compoñentes da UPG lle opuxeran pola súa teimuda resistencia, dun xeito que dende unha visión actual pode parecernos totalmente inxusto, cando esquecían, por exemplo, a defensa pública que Uxío fixera dalgún dos seus integrantes máis siñificados. Con todo, resulta coñecida –porque xa se aludiu a ela- a súa concomitancia persoal con algúns membros do Bloque Nacionalista Galego, que sí souperon entender aquel afastamento seu de esquemas e estereotipos. Estaba persuadido de que partindo duns postulados comúns se podía llegar á coincidencia política sen máis vencello que o derivado da defensa daqueles.

8. O DICIDOR

Estamos diante dunha daquelas facetas tanxenciais ou complementarias á poesía que Novoneyra desenvolveu dentro do marco literario que lle era propio. Practicou o exercicio declamatorio dun xeito que podería semellar como unha complementación

obrigada do seu maxisterio poético. Cando o poeta recitaba os seus poemas diante dun auditorio poñía en funcionamento toda unha máquina complexa na que se confundían as percepcions coas sensacions, os silencios cos tons fortes, o repenique ou a ringleira coa aliteración fonética, en definitiva, toda unha gama ricaz que saía dunha voz portentosa coa que quería facer partícipes aos ouvintes o sentido último das súas mensaxes poéticas. Os seus recitais constituíanse en todo un cúmulo de vibracions, arroutos ou silencios nos que o poeta mesturaba as diferentes formas da oralidade coas composicions corporais ou xestuais, constituindo no seu conxunto toda unha auténtica posta en escea que non perdía en autenticidade a pesar da súa connotación teatral.

El prefería o nome de decidor ao de recitador. Esa preferencia víñalle de que esa era a denominación que se utilizaba en O Courel para os que realizaban aquela actividade, fosen homes ou mulleres. Tratábase dunha tradición que se perdía na noite dos tempos nas aldeas galegas. Aproveitando as xuntanzas caseiras nas noites de invernía ou desenvolvendo as labouras do campo, persoas dotadas para elo achegaban a familiares e veciños versificacions xeralmente musicadas, polas que discurrían historias requintadas, cantos de amor ou mesmo recordos de aconteceres arrepiantes.

O poeta buscou en vellos romances ou en cantigas. Aproveitou os seus coñecementos e querencias polo cancioneiro medieval e de modo recurrente apelou a aqueles xograres do Medioevo galaico-portugués que tan ben coñecía como un medio máis para recuperar a memoria histórica. A lembranza das xestas irmandiñas era unha recurrencia súa para acercar aos ouvintes un pasado de loitas a prol dunha liberdade e a procura dunha identificación para o noso pobo.

Os primeiros recitais que deu e dos que se ten coñecemento foron e Madrid, no tempo da súa primeira estadía. Diante dun auditorio composto maiormente por compañeiros estudantes e dentro dun ambiente craramente politizado, recitou poemas de Miguel Hernández e dalgúns outros autores, xeralmente con referencias máis ou menos explícitas ás turbulencias da Guerra Civil. Algúns anos máis adiante dará algúns outros xa en Galicia. Coñecemos a súa tan nomeada contribución declamatoria naquel encontro literario que se desenvolveu no ano 1957 en Santiago.

Fose por vocación natural ou porque lle viñera suxerida por algúns (por exemplo, Piñeiro), ou ben pola influencia de outros recitadores que coñecera e cos que simpatizaba (casos de Alberti ou Pimentel), o certo é que o poeta entrou nunha dinámica declamatoria en sesions que expandeu por toda a xeografía galaica e que duraría ata os últimos anos da súa vida. Resulta salientable polo que tivo de satisfactorio para él como reencontro co vello e admirado amigo, o recital que deu no ano 1980 xunto con Rafael Alberti. Nesas xuntanzas, a xente se integraba nun ritual participativo, nos que pola voz do poeta se mesturaban os cantos á natureza coas inquedanzas políticas, ou tamén aquelas convocatorias eran aproveitadas para transmitir aos ouvintes as queixas e os laios polas inxustizas do mundo. Ven a conto o que xa se ten dito sobre aquela esixencia particular que facía aos asistentes para escoitar postos de pé o *Vietnam Canto*. Non nos parece moi arriscado supoñer que a porción máis importante da poesía política que escribeu tiña como condicionante previo para él o da súa utilización postreira nos recitais, coa intención de movilizar conciencias dormidas do xeito máis doado e mesmo eficaz como parecía que era o transmitido por aquel medio porque, en definitiva, esa debía e ser a virtualidade que él confiaba nesta modalidade de transmisión.

9. O ELEXIACO EN NOVONEYRA

Como unha demostración máis da variedade temática que se atopa no *corpus* da obra novoneyriana, traemos eiquí unha breve referencia aos seus traballos de sesgo elexíaco que fixo entre os anos 1953 e 1965, recollidos todos eles como xa sabemos nun volume compilatorio editado en versión bilingüe galego-castelá baixo o título de *ELEGIAS DEL CAUREL Y OTROS POEMAS.*

A elexía en un tipo de mecanismo dentro do xénero lírico que se utiliza nomeadamente para describir sensacions de laio, desesperanza ou mágoa producidas pola consciencia da perda de cousas queridas. É unha práctica poética que conta con importantes epígonos na historia da literatura, sexa da man dos clásicos latinos e gregos, de autores universais ou mesmo españois. Por citar algúns exemplos, entre os primeiros temos aos romanos Tíbulo ou Propercio e os gregos Jenófanes de Colofón ou Teognis de Mégara, e tamén salvando as distancias, a Jorge Manrique, Lorca ou Juan Ramón Jiménez entre os españois. Quérese dicir que estamos diante dun tipo de

composición literaria que ten unha longa traxectoria. Convén engadir que ainda que nas súas versions máis frecuentes e sobre todo as máis próximas no tempo as motivacions son sempre de sesgo negativo (morte, dor, etc), non sempre foi así, como se podería comprobar nunha pescuda polo interior da obra dos seus primeiros practicantes. Pero para o que hoxe interesa, basta con dicir que os versos elexíacos do noso poeta están impregnados desa pátina tráxica.

Moito máis difícil resulta achar unha resposta solvente á pregunta do porqué desa deriva súa ata un estilo tan singular. A dificultade aumenta se recordamos que estamos a falar de tres conxuntos de composicions feitas en circunstancias temporais e mesmo ambientais ben distintas. Foi simplemente, -como él mesmo apunta- unha marcha atrás, un retorno ao desespero pola certidume desa soidade que é consustancial ao ser humano e que non se salva nin ainda co amor, como esa derraideira táboa salvadora que aparece en *Os Eidos?*. Son a morte e a distancia – como tamén él dí- os únicos motores que lle conducen a introducirse neste vagar pola angustia existencial? Ata qué punto unha coincidencia temporal como a morte nun mesmo ano de dous amigos poida converterse en *"o desencadeante"* como tamén el dí, referíndose á de Luis Pimentel ou á do pintor Carlos Maside?.

A nosa interpretación persoal é a de que unha caste de sensibilidade tan esculcadora como é aquela da que están dotados os poetas, non pode deixar escapar feitos persoais transcendentes ou da intimidade fonda. Pero de elo a derivar nunha tipoloxía tan especial de forma poética media un longo treito. Entendemos que por unha vez máis temos que recorrer á suposición de que a ese cúmulo de sensacions que forman parte do viveiro máis íntimo do autor habería que engadirlle as influencias, directa ou subrepticiamente asimiladas, de autores como Lorca ou Juan Ramón Jiménez, xa citados, o canto fúnebre de Miguel Hernández a un amigo (peza que por certo, el xa recitara máis dunha vez en Madrid), ou mesmo toda a rémora existencialista asentada nos mentideiros culturais daqueles tempos que el frecuentara. Ou, se quixeramos ir máis lonxe, poderiamos remontarnos ás súas lecturas de autores clásicos, nas que seguramente non faltarían as de tipo elexíaco. Quizáis - por ser o máis doado- non resulte moi arriscado supoñer que simplemente o autor quería pescudar dentro de novas formas. Sinxelamente explicado, queremos atopar neste conxunto heterodoxo as razons que levaron ao poeta a decantarse por unha forma poética tan peculiar.

Cremos que o mellor complemento para achegarmos unha impresión propia e sen adubíos sobre todo iste proceso, podémolo atopar nos versos do poemario, do que extraemos algúns entre os que nos parecen máis siñificativos:

En verdade que non podería atoparse mellor pórtico declarativo sobre a temática escollida que o primeiro verso,escrito con aquela sobreidade silábica que caracterizou sempre a súa poesía,

MORRER é ficar morto.

Como nun brinco alternativo para rebaixar a crueza daquela sentenza primeira, o escritor recurre no poema seguinte a unha imaxe de grande beleza plástica para sitúanos diante das coordenadas da alteridade existencial: o placer como medio para vivir (v) a inmanencia do desaparecer:

Rio Mandeo, inorde, ó son da noite!
As ondas do rio devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.
Sobor das barcas:
As mulleres! O viño! As viandas!
As ondas do río devalaban lenes
levando s barcas soltas pro infindo do mar i a noite.
Comemos e bebemos para ledicia.
As ondas do río devalaban lenes
levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.
O viño i as viandas érguenme á lua chea.
……
Cando o viño roxo que non perde a coor no cor
xa non abondaba a nose sede
chegámolos beizos a vasos máis fondos.
As ondas do río devalaban lenes
Levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite.
As mulleres eran verdadeiras como o viño.

…….

Tampouco este poemario elexíaco escapará á persistencia do autor por incluir versos que conteñen referencias persoais e políticas a unha Galicia ensombrecida:

GALICIA, será a miña xeneración quen te salve?
Irei un día do Courel a Compostela por terras libradas?
Non, a forza do noso amor non pode ser inutle!

Aparecerán tamén nese mesmo estilo inclusivo, versos expresamente adicados a persoas da súa amizade persoal ou da súa devoción poética. Sirvan como exemplo os que seguen que van adicados a Rosalía, e nos que aparece repetida esa teimosía permanente por un anceio redentor:

PODEN inseguranza e desamparo
i acólleste ós bes certos:
a casa! o val! a patria humilde!
Nosa patria por quen ti cramas furando a noite!.

A modo de sinopse e xa para rematar iste apartado, os versos seguintes expresan do modo que nos parece máis exacto a explicación omnicomprensiva dos tipos de sentimentos que se adoitan reflictir no mundo poético por medio dista práctica:

HEI de agardar novas dores e ledicias, ansias e nostalxias,
si sei que entre elas ha de seguir o curso xordo,
e se xa sentín a door i a ledicia, a ansia i a nostalxia última?

10. O TRATAMENTO DO AMOR

A obra que leva por título *Muller para lonxe*, e que está tomado precisamente dun dos versos que alí aparecen, é considerada polos críticos da obra de Novoneyra como aquela do *corpus* que o poeta consagra ao tema concreto do amor. A edición, moi cuidada, en papel de primeira clase e complementada con debuxos dun pintor local,

correu a cargo da Deputación de Lugo. O epílogo foi escrito por Rodríguez Fer, xa citado precedentemente, quen entende que con ista obra queda consagrada a teoría da condición de poeta total atribuída a Novoneyra, xa que sendo o amor o tema central, aparece adubiado pola paisaxe, o cosmos ou a dor. Ademáis cre percibir un proceso evolutivo trascendente no poeta, unha mutación anímica pola que se da paso ao vitalismo onde antes había depresión, e liberación explosiva onde antes había encollemento.

Se quixeramos facer unha lectura desta obra dende o desapaixoamento, o primeiro que atopariamos sería con algúns poemas –ainda que minimamente modificados- que xa apareceran nas *Elexías,* polo tanto integrados nun sesgo ben diferente ao de agora. Cómpre tamén recordar que xa en *Os Eidos* hai versos de temática amorosa baixo a forma de algunhas pastorelas.

O deseño está feito seguindo un artellamento que se percibe sen dificultade. Dende uns inicios nos que por medio do mecanismo elexíaco quedan reflictidos sentimentos de crúa soidade, dor, anguria, por mor dun deses saltos seus tan habituais, o poeta pasa dende o aborrecemento para con aquelas sensacions primeiras a reemplazalas por outras ben diferentes e máis vigorosas, que se ven traducidas en cantos ao amor á muller como tal. Parece, polo tanto, que estamos diante dun proceso conscientemente elaborado. Esa sublimación amorosa tería o siñificado dun paso final, liberador, despois dun longo recorrido por chanzos sinuosos. Novoneyra non podía deixar de ser fidel cumplidor deso que está sobrentendido como tributo obrigado dentro da obra poética dun autor como é a inclusión do tema amoroso. Nin tampouco obviará á recurrencia non menos acostumada a figuras que non poden faltar nese tipo de tradizón poética, e así incluirá no poemario unha loa á deusa que encarna todas as excelsitudes do erotismo. É o que titula CANTO PARA TER FAVORES DE VENUS, do que imos reproducir as dúas primeiras estrofas,

Cántoche a post para ter os teus favores
deusa.
Gran cousa é abondar o teu seo a vrao vido.

Non carecerá ista parte da obra novoneyriana dalgunhas das súas singularidades de estilo. Aparecerán precisamente neste mesmo poema, que como neutros casos non podemos reproducir integramente pola súa lonxitude. E así, para que ninguén poidera acobillar dúbida dos seus coñecementos sobre o elenco de figuras de que se dota a retórica, atopamos un caso de lambdacismo ou lalación (uso reiterado da letra L), e mesmo unha aplicación do simbolismo gráfico nos versos finais deste Canto, conformando ás palabras dun xeito tal que remeda as posturas físicas da cópula, nunha manifestación epicúrea dese amor loubado. Por unha vez máis o autor estanos trasladando esa vocación súa por achegarmos por todos os medios á máxima expresividade.

11. O ARRODEO ULTIMO

Nista sinopse que estamos a facer dentro da obra do noso poeta para amosar unha mostra da súa variada produción, escollemos aquela que foi a última e que saiu publicada no mesmo ano do seu pasamento en 1999, titulada *Arrodeos e desvíos do camiño de Santiago e outras rotas.*

Como ocorre en outras, poden ser moitas as interpretacions que se fagan sobre as motivacions que lle levaron a escribir ista obra derradeira. Algúns autores que queren afondar en vieiros somáticos, ven eiquí baixo a forma de metáfora como a plasmación, o remate, dun longo sono de liberación política para unha Galicia asoballada que atopará en Compostela esa sede final, ese refuxio feliz a longos anos de desventuras e aldraxes, e que se parangonaría coas sensacions de ledicia que produce nos romeiros despois de longas camiñadas o avistamento do sartego do Apóstolo.

Outras interpretacións abondan no meramente topográfico. Para poetas como Olga Novo, no título da obra explicítase a idea do extravío dun camiño supostamente marcado, con unha achega final por carreiros pouco coñecidos. Estaríamos, xa que logo, diante dun libro de viaxes que o autor aproveita para descrebir rotas alternativas moi queridas en tanto que sonlle ben coñecidas e vividas, e que evoca e exalta, noméandolas para que, nesa aspiración súa pola perpetuidade toponímica como

testemuñas permanentes do tempo, non desaparezan nin os seus nomes nin tampouco o legado histórico que comportan.

Se apelamos por unha vez máis a ese lector espontáneo que se achega ao poemario sen prexuizos pero que xa ten asumido un certo coñecemento da obra anterior de noso autor, poderá reencontrarse na lectura con aqueles vellos trobadores que lle eran tan queridos ao poeta. Dende o primeiro momento asistirá a esa conxunción formada con xentes doutros países que atenden á chamada e o clamor pola procura do camiño que conduce a Compostela; tampouco faltarán á cita lendas que teñen por suxeitos a heroes mitolóxicos, ou referencias a viandantes egrexios que están recollidos nas tradicions forxadas arredor dese decurso de séculos por rotas que teñen un remate marcado. Pero si, ainda que engaiolado pola lírica fermosa que está a percibir, quere buscar unha motivación vivencial no poeta que ultrapase as meras formulacions de arroubo ou devoción xeográfica, pode chegar a crer –o mesmo que Olga Novo- que estamos asistindo ao peche do circulo existencial do autor, nunha volta en espíritu ao seo daquel pobo labrego do que viña.

Pasando agora a facer unha análise en canto á forma en que está artellada, atopámonos cunha especie de clasificación temática. O libro divídese en dúas partes, cunha primeira formada por oito capítulos que de xeito fundamental están consagrados a descripcións xeográficas da rota, na que se incorporan lendas ou mencions a vivencias persoais do poeta. E así, xa nada máis comezar a lectura do poemario non podemos escapar á lembranza de *Os Eidos.* O esceario muda ao principio, son outros os camiñantes, no é O Courel, agora son Os Ancares, pero reaparece o culto á exaltación xeográfica. Dentro dese estilo admirativo tan seu , o poeta introdúcenos no que vai ser un libro de viaxe, escrito en versos de métrica curta, xeralmente rimados:

Pasadas tódalas Francias
por Ocitania ou Gascuña
ou de París a Iruña
xa diluídas distancias.
A Aragón por Cataluña
ou polo Norte por Son.

En pasándolas Navarras
as cadeas e as barras.
Pasadas León e Castela
por Castela a León.
En pasado Monte Irago
e xa en Lingua de Galicia
Ponferrada e Vilafranca
deixando a chaira estanca
enas mesmas portas dela.
O Valcarce e sin preguicia
/as penas de garamela/
apeitar para o Cebreiro
polo marco carreiro
que a neve volve vago.

……..

E remata,

E logo xa Compostela
Monxoi! Eoi! Ei Santiago!
e pararme a vista dela
mirar como eu o fago.

Nistes versos iniciais xa atopamos cousas que son moi xenuinas do noso poeta. A primeira é algo que se verá repetido ao longo do poemario, que é esa sempiterna querencia súa polo romance e de todo o que se relaciona co Cancioneiro medieval. Nos versos anteriores e xa no mesmo comezo do trazado da ruta que el propón para achegarse a esa meta procurada, aparecen referencias concretas a núcleos xeográficos que foron viveiros nutricios de moitos daqueles xoglares do Medioevo, (Ocitania, Gascuña). Tamén serán constantes as resonancias métricas e musicais daquel estilo trobadoresco que se poden percibir nos poemas. E para completar ese aro persoal, non podería faltar a mención á lingua, porque –como xa sabemos- ese é na súa vivencia un motivo de interese inmorrente.

No bloque seguinte atopamos outro trazo do máis persoal: o autor xa nos sitúa diante da incertidume, nesa dúbida existencial que é tan de seu:

En chegado a Santiago
e logo despois qué fago?

En chegado a Compostela
e despois de vela a ela?

Seguindo nese devagar, nas estrofas sucesivas asistiremos a unha rememoración de moitas daquelas fragas, chaos, rochas, corredoiras que coñecimos en *Os Eidos*, e máis outras novas. E xa nun deses bucles cos que tantas veces nos sorprende, ponos diante a un Roldán sobrevivinte fuxido da desfeita de Roncesvalles e reconvertido en peregrino, que fala ás pastoras deste xeito:

Señora la mía señor
señora dona pastor!
Polo camiño da vida
polo camiño d-abaixo
que seña a miña medida
a altura á que por ti baixo
como gracia concedida
para riparche o refaixo.

Eiquí aparecen reunidas ben ás craras todas as compoñentes típicas dunha cantiga de amor, figura arquetípica da poesía trobadoresca: a masculinización co nome de *señor* que se lle da á dama loubada que, naturalmente dentro da mellor liña do Cancioneiro, non pode ser outra que unha pastora, á que o namorado reclama o seu amor, nun redondeo perfecto do círculo tradicional nesa liña poética.

No descorrer dese peregrino incógnito, asistiremos á remembranza de algunhas outras lendas coas que se empedran eses vellos camiños que o poeta quere rescatar da historia, unha vez máis con esa teimuda intención de alonxar os perigos dun esvaecemento que poida vir pola forza do tempo ou da incuria. E así nos trae unha

lembranza daquela que ten por suxeito ao rei Alfonso II, que según a lenda morara ás agachadas en O Courel cando neno:

Cando deixou o Courel
seu escondite de neno
solos ollos que o ven
pregan por il en silencio:

Don Alfonso II
que reines por moito tempo
que gañes ate o Douro
e chegues ate o Texo.

Albíscanse outros atisbos de concordancia con *Os Eidos;* por exemplo, témolo nas alusions persoais que aparecen nalgúns poemas, como cando refire as andainas que nalgún tempo fixeran o seu pai ou a súa irmá, e tamén mencións ás orixes xeográficas da súa nai. Para sí mesmo engadirá citas para con as que chama a súas cidades (Lugo, Madrid e Compostela). Á primeira destas tres, da que él garda acordanzas que se retrotraen aos anos de mocidade, adica un longo espazo no poemario, con citas moi concretas á Muralla, á Praza Maior, á Catedral, ao Grial, ou aos Ollos Grandes. Dun xeito maxistral, tanto pola exactitude do contido como pola brevidade métrica coa que o expresa, fai un compendio perfecto das características daquela antiga cidade:

Lucus Augusti.

Romana i episcopal
a antiga capital
na rota nova daquela
tirada dende ou cara ela
cara Brácara i Emérita
sin pensar de ser pretérita.

A segunda parte do libro leva un título que non deixa lugar á dúbida sobre o que vai ser o contido dos poemas: “trobador pelegrín imaxinario”. Por medio dunha ficción

na cal o poeta adoita a figura dun xograr, asistimos a nunha reverberación daquela poética medieval, na que entoa cantigas de amor e de amigo á vella usanza de aqueles Pero de Ambroa, Arias Nunes, Macías o Namorado, Bernal de Bonaval, e aqueloutros. A carón do amor aparecerá o maldecir polas penas que aparella diante da indefinición da amada:

O que sinte a door maior
é igual en calquer sentir
e tal como no amor
é extremo no maldecir.

Na derradeira camiñada e cando os romeiros xa acadan á meta e polo tanto o poemario toca ao seu remate, atoparémonos coas primeiras mencions a algúns deses compoñentes tradicionais da iconografía xacobea: a estrela, Santiago Matamouros, ou a praza da Quintana. Nas últimas estrofas, como o que ten o son dun arrouto final, o lector reencóntrase con aquel Novoneyra auténtico que abandoa a capucha e o bordón de camiñante e decide desandar o andado, entoando unha profesión de lóxica atea coa súa voz de escéptico eminente:

Se pasado é pasado
i o presente é o urgente
por qué inda busca a xente
aquil soño clausurado?
Vido visto ben Santiago
i esa cuestión non resolta
fago camiño de volta
camiño de volta fago.
Camiño de volta fago
volvo do cabo do Mundo
terra sólo en ti me fundo:
é a certeza que trago.

Máis aló dos siñificados que cadaquén quiera ver nesta obra, resultan evidentes varias constatacions, estilísticas ou de outro tipo, a algunhas das cales xa fixemos referencia. Dende a nosa opinión particular, estamos diante dunha obra de grande beleza plástica, moi ben acabada. Cousa diferente podería ser a pescuda -ou mellor a adiviña-, sobre a paradoxa que supón atoparmos cun Novoneyra maduro escribindo unha obra que ten por motivo central un tema netamente relixioso. Se atendemos a algunha circunstancia estructural que arrodeou a publicación da obra como poida ser a de que fora coeditada pola Xunta de Galicia, e precisamente polos auspicios dunha Consellería que tiña responsabilidades nas celebracions profanas do Ano Xacobeo 1999, e xuntámolo coa coincidencia temporal, podería entenderse algunha reticencia sobre o carácter xenuino da vontade novoneyriana ao escribila. Foi un traballo de encargo?. Traemos eiquí ista posible dúbida, en primeiro lugar, dende o temor á creba que iso suporía para á liberdade creativa que cremos que el sempre procurou; e despois, por dar tributo ao noso posicionamento de obxectividade, mantido tanto niste como noutros traballos similares que lle precederon.

12. O TEMPO INSTITUCIONAL

Biaxo ista denominación damos acollemento a aquela parte do tempo biográfico de Novoneyra -case que dezanove anos- no que ocupou a presidencia da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega). Interésanos porque foi esa unha época na que pronunciou discursos, leeu pregons, asistiu a homenaxes. Estamos polo tanto diante dun novo trazo da súa creatividade, que agora se extende á prosa, e que queremos traer eiquí non só por revivir dende a modestia deste traballo unha faceta que permanece bastante inédita entre os estudiosos, senon tamén para darlle encadramento á actividade densa que desenvolveu dende ese eixo que demos eiquí en chamar institucional, nomeadamente en defensa da lingua.

Nun discurso racional, a pregunta a formular, sería algo así: Qué levou a Uxío a integrarse na AELG?. Como primeiro paso para conxeturar unha resposta temos que comezar por saber que é o que se acobilla baixo aquéla denominación.

Segundo lemos na súa páxina web, estamos diante dunha *"entidade oficial que reúne escritores e escritoras en lingua galega en todas as súas manifestacions: poesía,*

narrativa, teatro, ensaio, escrita científica, traducions... Fundada en 1980 por algúns dos escritores máis sobranceiros da nosa historia literaria……traballa a prol da diñificación do oficio de escritor/a…..tenta de velar polas inquedanzas e intereses dos autores e autoras en lingua galega…… realiza … a homenaxe "O escritor na súa terra", dedicada a sobrancera a trayectoria dun autor ou autora das nosas letras…. forma parte do grupo GALEUSCA ,un encontro anual de escritores e escritoras (galegos, xunto con outros de Cataluña e Euskadi) *organizado de xeito rotativo,* etc, etc.

Parece evidente que o achegamento de Novoneyra a ista corporación tiña unha motivación ben definida. Era aquéla unha entidade recén nacida, polo tanto resulta perfectamente asumible que un home coma él, que tiña tan interiorizado o seu papel de apóstol da lingua e que gozaba de acreditacions abondo para elo, aceptara aquela presidencia cos azos e a teimosía de quen emprende unha andaina nova, tamén porque estaba convencido de que podía desenvolver unha actividade fructífera, precisamente nun tempo no que había serios temores arredor do horizonte político da Galicia. Así o acreditan testemuños de persoas que frecuentaron a súa amizade.

Afortunadamente e como xa ven sendo habitual nas celebracions do Día das Letras Galegas, a Fundación Ramón Piñeiro de Humanidades acaba de publicar o Caderno que con periodicidade anual adica ao autor obxecto da homenaxe. Niste ano trátase do numeral XIV que, obviamente,vai adicado a celebrar a Novoneyra, que leva un título tomado dunha poesía que dedicara a Rosalía e que xa reproducimos nun apartado anterior diste traballo, o de "*A casa!, o val! A patria homilde!*". Nunha edición moi coidada, en papel de primeira clase e con fotografías e reproducions aparecen, entre outras materias, algúns textos inéditos daqueles parlamentos que o poeta deu nesa etapa.

Dentro da diversidade dos ámbitos nos que se moveu, hai unha liña condutora perfetamente definida que se reproduce: a conxunción, o nexo indestrutible entre unha reivindicación permanente polos dereitos nacionais de Galicia e a Lingua-Fala como o seu instrumento declarativo. Percíbese, nomeadamente, nos discursos que pronunciaba naquelas xuntanzas dos Galeuscas que se celebraban todos os anos (e seguen celebrándose hoxe) en diferentes capitais do Estado, nas que durante sesions

de convivencia escritores galegos, vascos e catalans intercambiaban e discutían cuestions literarias, e tamén saían a relucir as teimas dos problemas permanentes co uso dos idiomas propios no seu confronto coas políticas oficiais daqueles tempos. Uxío desenvolveu coa ardentía e a contumacia de quen cre no que está a falar o seu rol reivindicante do uso e a pervivencia da nosa lingua. O acreditan uns fragmentos das palabras que pronunciou nun daqueles Galeusca e que tomamos da obra editada pola Fundación Ramón Piñeiro: *"Moitas veces nos temos preguntado para que sirven os encontros Galeusca pero é como preguntarse, para que sirve calquer asamblea que non tema unha inmediata consecuencia ejecutiva? Para que sirve a palabra sin poder, a chamada "lingua sin maos"?. Sirven para transformar a conciencia, para intensificar o conocimento até cáseque o borde da aución. E sirven ademáis para xuntarvos e sabernos menos soios no noso empeño de dotar de palabra, actual e viva, ós nosos pobos arredados, apartados, pola historia, pechados sobre sí, marxinados. Sirven para seguir sostendo unha forma de literatura como misión. Nós non nos abrogamos ó ser elexidos para esa misión. Nos fomos empurrados, condenados a eso, pola presión dun mesmo estado e a imposición de outra lingua obligándonos á nosa condición de escritores secuestados pola patria, pola propia patria. Nos ben* quixeramos, ben lle decimos: arreda, aparta de min ese cáliz, pero seguimos presos, *secuestrados pola consciencia e a pertencia profunda a un pasado, a unha lingua amenazada. I esto non é nada que nos nos inventemos. Estamos pois eiquí reunidos por algo común e básico, pola imposición establecida –de tan establecida xa non parece imposición- dunha lingua allea e por querer sair, sentimos –non só nolo propomos- o deber de redimirnos. Repito: fomos abocados á misión como outros moitos escritores de toldos pobos"*. Ainda que a cita é longa, cremos oportuno traela eiquí porque parécenos a mellor expresión do que eran os afans que buligaban naqueles foros, anceios dos que Novoneyra era moito máis que un mero transmisor oral.

Se lemos hoxendía coa distancia que marca o tempo algúns daqueles textos, gaña cada vez máis o sentimento de admiración deica un home que coñecendo ben Galicia e aos galegos asumía con arranque e como propia unha cruzada de concienciación a prol das esencias nacionais. O seu era o discurso dun nacionalista vital. Non o arredaba o desleixo que atopaba ao seu redor, -particularmente na mocidade- ainda que sen recato se laiase del. Mantiña a fe na esperanza de que **o home pode ser**

outra cousa, segundo proclamaba nuns coñecidos versos seus. As mencions a Castelao, Celso Emilio Ferreiro ou Otero Pedrayo, entre outros, que incluía dentro de recitais ou actos semellantes que desenvolveu durante ista época, eran ocasions sempre propicias para reverberar a profesión de fe nacionalista i a alocución por un futuro no que a conxunción Patria-Lingua estivera sempre presente.

Para rematar iste apartado referente ao seu paso pola AELG, cómpre tamén facer mención do pulo que lle deu á maquinaria coa que se movía aquela organización. Puxo en funcionamento corresponsalías da Asociación en algúns países latinoamericanos recurrindo a lazos establecidos por mediación dalgúns Centros Galegos do exterior. Tamén por esixencias da representación, houbo de practicar contactos con institucions oficiais en demanda de melloras, como resulta por exemplo, da petición que fixo por carta ao presidente da Xunta daquel entonces para darlle viabilidade práctica a unha iniciativa que consistía na creación de Aulas de Escritores Galegos nos Institutos de Galicia, texto que tamén recollemos de dentro da abondosa e rica información de que nos fornece o volume citado.

13. CONCLUSION

Coas lóxicas salvedades das diferencias que o paso do tempo marca nas diferentes reproducions fotográficas que temos da súa persoa, ainda con todo na súa imaxe hai unha impronta que permanece inalterable: a que se corresponde cun home rexo, cabal e teimudo. A súa mirada é recta e profunda como propia das persoas honradas, no seu mirar hai esculca, como a de quen está a percibir cousas que para outros son inacadables. A súa face trasloce seria bondade, pero tamén coraxe. Mercede aos artiluxios da técnica conservamos a súa voz, que ven corroborar esa impresión de recidume de carácter e sobre todo de apaixoamento. Ao fin e ao cabo son todas esas as representacions características dun campesiño, eminente, pero de orixes labregos, que se criou e curou nas fragosidades das serras, das friaxes, das neves, das invernías e dos sotaventos. Reconvertido en urbanita por mor das circunstancias, manterá con esa fidelidade de especie única que teñen os galegos trasterrados, o amor, a querencia polas súas orixes courelás, será como unha chama viva que levará grabada de xeito imperecedeiro. O Courel é Galicia. Esa Galicia histórica, profunda. El sentíase

courelán e polo mesmo galego. Todo o que comporta a condición de galego el a fixo súa, porque a levaba perpetuamente dentro de sí. Uxío ofrece o mellor exemplo desas percepcions, chámense saudade ou morriña, que os galegos levamos como sinal de identidade.

Pero non nos equivoquemos. Esa querencia polo propio non impediu que Novoneyra fora insensible ás mutacions que o tempo e as circunstancias producen nas persoas. El era por riba de todo un home. Como tal sufriu e gozou, coñeceu as asperezas da vida e os rigores dunha época pero soupo tamén disfrutar e moverse dentro da tradición epicúrea nas xuntanzas, as relacions cos amigos, e sobre todo os goces que produce criar unha familia. Ao longo deste traballo tentamos de reflictir ese proceso evolutivo que se advirte no tratamento temático que lle imprimiu á súa poesía en sesgo paralelo ao seu decurso vivencial. Na nosa opinión isto agranda a súa dimensión de vate, botando por terra esa reflexión tan inxustamente extendida que consiste en minusvalorar a súa produción poética reducíndoa a unha soa obra e un a un único ámbito.

Non foron un senón tres os pedestais nos que se forxou a súa inspiración poética. As fontes foron variadas como diferentes foron as contornas nas que se moveu. Agromou a vea telúrica no seu encontro coa natureza; nas relacions humanas e nas súas estadías lonxe das orixes naturais atopou a vea política, e no entorno familiar ás demáis, fosen as elexíacas ou as amorosas. Estamos pois, diante dunha poesía xestada na propia experiencia, en cada estrofa atopamos anacos da vida do seu autor. A súa é poesía real, sentida, sufrida e vivida, polo tanto feita por un poeta ao que podemos chamar auténtico.

Hai como dous espazos perfectamente diferenciados nos tempos da súa vida e da súa poesía. O antes e o despois ven marcado pola segunda estadía madrileña da que xa demos conta neste traballo. Aquel Novoneyra que chegaba da Galicia fonda, deixando atrás un perímetro vivencial delimitado polos vales, as frondosidades, os silencios, a dor, a soidade, atopábase cos ecos dunha sociedade e un mundo ben diferente. O impacto tivo que ser tremendo. As relacions humanas e os contactos cunha sociedade vitalista que experimenta a cotío limitacions e devezos por un porvir mellor producen nel o efecto dun renacer. Aparecen realidades que estaban

esmorecidas dentro dun subconsciente adormecido. O poeta comprometido deixará ver de novo a súa face, ista vez dun xeito moito máis decidido. A partir deiquí e durante un tempo que durará máis de trinta anos, o poeta telúrico deixa paso ao home político que fai política dende a súa poesía. Salvo interpolacions esporádicas que veñen en forma de ampliacions de *Os Eidos*, a poesia amorosa ou o traballo de rutas que foi a súa obra derradeira, a creación é netamente de temática política.

El asumía convencido de que era unha obriga moi querida, o seu papel de valedor dunha nai (Galicia) que sufría, era o seu desa caste de amor que teñen os bos fillos diante dus sufrimentos padecidos por unha nai que senten que é maltratada e a que queren axudar con todas as súas forzas para sair das desventuras. Unhas veces será pola vía de incluir alusions máis ou menos directas entre outros versos para facer ver os perigos que acechan a un idioma que está ameazado de morte por mor dun oscurantismo que ven imposto dende os cenáculos autoritaristas dun réxime político advenedizo. Outras, xa de forma absolutamente directa, serán cantos a prol dunha liberación política para aquel pobo asoballado. Ese será o seu discurso permanente, unhas veces por medio da escrita e outras pola palabra.

Se foi un bo fillo para esa nai etérea de todos nos, non o sería menos para coa súa familia verdadeira. Xa coñecemos a atención que prestou aos seus pais enfermos como consecuencia do cal houbo de abandoar Madrid, na súa derradeira estadía alí. Polo que atinxe á relación coa súa dona e cos fillos, resultan entenrecedores os testemuños dalgúns dos seus amigos (M. Maria e H. Barreiro), sobre o cariño que lle tiñan os seus fillos, aos que nalgunhas ocasions había de atender substituindo á súa dona nas funcions máis domésticas, por mor da situación laboral daquela. Non menos expresivas dese agarimo resultan as bágoas dela hoxendía: transcurridos xa once anos, séntese conmovida ao lembrar a súa persoa, ou ao escoitar a súa voz.

No remate de calquer traballo que versa sobre a vida ou a obra dun persoeiro, ou como acontece no caso presente no que estamos a facer da relación entre unha e outra, córrese sempre o perigo de que o redactor caia nese erro tan frecuente de deixarse influir polos seus propios sentimentos e, xa que logo, dirixir o seu argumentario na dirección que aquéles lle marquen. Neste humilde valado no que nos temos situado dende o emprendemento desa andaina anual á que nos invitan as

celebracions do Día das Letras Galegas, temos procurado sempre fuxir desa caste de tentacions. O mesmo para o caso de hoxe. Así que, situados no trance de elexir un final que resulte o máis axeitado posible, parécenos que o mellor é recoller algúns comentarios de persoas que deixaron o seu sentir sobre a vida e a obra do noso poeta, coidamos que sen que lles reste veracidade o feito de que foran escritos con ocasión dunha homenaxe que se lle fixo, poucas semanas antes do seu pasamento:

"A voz de Uxío, galopando nun cabalo novo, abriu ancho camiño real. E o verso do decidor-poeta acadou un coro: nos o pobo, Galicia enteira". (Euloxio R. Ruibal).

" Resulta difícil achar no chamado mundo intelectual a alguén tan ponderado nos xuizos e tan expresivo nas solidariedades. Lonxe das banderías sectarias, pero afindacadísmo na consciencia de defendere aos perseguidos, aos que sofren, ás vitimas das inxustizas, mativo sempre unha atitude baril e ergueita como a súa figura.
Esta intencionaldiade de comprensión omnímoda, que non rexeita o xuizo duro e contundente se for necesario, é a mesma que o identifica co seu, co noso país, Galiza. Uxío Novoneyra é un poeta de sentimento e cosmovisión tan patrióticas, como de sereo e fraterno internacionalismo. Precisamente, esta difícil simbiose práctica para os homes da súa xeración, reloce no home e no poeta e na súa trayectoria humana, ideolóxica e literaria até hoxe" (Francisco Rodríguez).

Algúns poetas tamén deixaron o seu testemuño en forma versificada, tal o caso diste poema de Daría Xohán Cabana:

Ildara de Romeor
está a fiar na xanela,
e Novoneyra o cantor
fita o fío e fita para ela.
Ildara fía que fía
e Novoneyra a fia
un cantar que se lle enfría
na brétema do soñar.
Ildara cala pío ucedo.

Abrese a noite e o medo
pola raia do solpor.
Acorda o cantor e venta
contra do escuro. Rebente
o oular do lobo cantor.

Co título de "*Fautores de abrantes*", Xusto G. Beramendi compuxo un poema para a conmemoración, do que extraemos as estrofas finais:

Abrente demorado contra o pouso dos sécalos
abrente que rotura as lamas fondas do esquecemento en sí
do menosprezo en sí.
Abrente de Añón, de Camino, de Rosalía, de Pondal, de Curros.
Abrente corto e duro contra a mordaza asesina
Abrente que reventa o medo paralizante de conciencias xa formadas
que alumea soños de redención, motores de liberdade
Abrente de Celso Emilio, de Ferrín, de Casares,
de Uxío.

Poderíanse traer eiquí moitos máis textos das colaboracions que un morea de escritores, poetas e amigos fixeron para aquela homenaxe. Cremos que a breve escolma que precede sirve para dar cumprida conta dos sentimentos de agarimo e recoñecemento a súa laboura literaria e política que alí se lle tributaron.

Quedan ben lonxe dos parámetros nos que se move un traballo como o presente facer análises estilísticos ou doutra índole sobre a poesía novoneyriana. Esa obxectividade proclamada coa que nos movemos evádenos dese compromiso. En todo momento tentamos fuxir de valoracions apriorísticas que non nos corresponden. Despois de ter lida case que toda a súa produción e unha parte da crítica que xenerou, limitámonos a presentar unha panorámica resumida, coa intención de axudar a quen o queira a extraer as súas propias conclusions.

Pero imparcialidade non é sinónimo de insensibilidade. Non cremos faltar á primeira se facendo uso da segunda dicimos que a nosa impresión persoal extraída das lecturas e das testemuñas, é a de que, por riba de todo, estivemos tratando dun home bó e xeneroso. O seu teimudo esforzo para acadar unha Galicia mellor é o legado que él nos deixa. A adicación neste ano do Día das Letras Galegas á súa figura non é máis que unha exteriorización do recoñecemento dese legado, unha homenaxe que sempre resultará cativa se a comparamos coa herencia poética e política que nos deixou. Pero unhas celebracions cativas non minoran a grandeza do persoeiro.

EMILIO J. UCHA BARROS
maio de 2010.

14. FONTES DOCUMENTAIS

--ARMESTO, VICTORIA. *Semblanza de un poeta.* En LA VOZ DE GALICIA, A Coruña, 11 outubro de 1.970.

--ARAUXO IGLESIAS, EMILIO (E UXIO NOVONEYRA). *Dos soños teimosos.* Noitarenga, Santiago 1.998.

--ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA. *Páxina web,* Abril 2.010.

--BLANCO, CARMEN. *Uxio Novoneyra.* Edicions A Nosa Terra, Vigo 2.010.

--CADERNOS RAMON PIÑEIRO. *A casa!. O val!. A patria homilde!.* Xunta de Galicia, Santiago 2.010.

--CASTRO, IGNACIO. *Neste silencio arredor de Uxío Novoneyra.* Noitarenga, Santiago 2.000.

--WWW.GALICIA HOXE. COM. *Elba Rei. "Uxío era un poeta total"*, 12 setembro 2.009.

--GARCIA, RODRI. *A sobra da semente do Brais Pinto.* En LA VOZ DE GALICIA, Coruña, 5 febreiro de 2.010.

--GRAN ENCICLOPEDIA GALEGA. Tomo 22.

--LOIS GARCIA, XOSE. *Uxío Novoneyra revisitado.* Edic. Xerais, Vigo, 2.010.

--MENDEZ FERRIN, XOSE LUIS. *De Bernardino a Novoneyra.* En www.farodevigo.es

--NEIRA POL, EUGENIO. *Apuntes para unha biografía de Uxío Novoneyra.* En ANUARIO BRIGANTINO nº 22, Betanzos, 1.999.

--NOVONEYRA, UXIO. *Elegías del Caurel y otros poemas.* Edit. Adonais. Madrid, 1.966.

--NOVONEYRA, UXIO. *Eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas.* Edit. Galaxia, Vigo 1.974.

--NOVONEYRA, UXIO. *Muller para lonxe.* Deputación de Lugo, 1.986.

--NOVONEYRA, UXIO. *Do Courel a Compostela, 1956-1986.* Edit. Sotelo Blanco, Barcelona, 1.988.

--NOVONEIRA, UXIO. *Dos soños teimosos.* Noitarenga, Santiago, 1.998.

--NOVONEYRA, UXIO. *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas.* Hércules Edic e Xunta de Galicia, A Coruña, 1.999.

--NOVONEYRA, UXIO. *O partido e a lingua.* EN TERRA E TEMPO, Nº 149/152, 2.009.

--NOVO, OLGA. *Uxñío Novoneyra, lingua loaira.* Fundación Caixa Galicia, Artes Gráficas El Progreso, Lugo. 2.004.

--RODRIGUEZ FER, CLAUDIO (e CARMEN BLANCO). *Os Eidos.* Edic. Xerais, Vigo, 2.002.

--SAMPEDRO, FRANCISCO. *A condición de Novoneyra.* En A TRABE DE OURO, tomo 3, ano 19, nº 75.

--VAZQUEZ SAAVEDRA, MERCEDES. *O Courel.* Edit. Galaxia, Vigo, 2.003.